

04 / MARZO DE 2004 - NÚMERO 505

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



**TRALOS
VEOS
DE DEUS**

2 | **rdl**
Galicia Hoxe 04/03/04



De Fatma Charfi, Tunes. Retrato, 2002



rdL | 3
Galicia Hoxe 04/03/04

Da serie Ex-votos. O Nazareno, 1981. Tino Martínez



Mulleres, da arxeliana Zineb Sedira

Mulleres árabes

Contra as ideas estereotipadas do feminino-pasivo no Islam

S. Noia e A. R. López

Dicía Alain Badiou ante o que cualificou como a última andana-da antilaica, antifeminista e antisocial sobre a prohibición do veo nas escolas en Francia, que se está a pasar da consigna feminista “o meu corpo é meu” a outra que define como “prostitucional” de “o meu corpo é de todos”. É o veo control férreo da sexualidade feminina pero ¿e que non está controlada nas sociedades occidentais?. En Galicia, é o veo tamén pano negro e medias escuras de viúvas coa cruz de Deus Cristo baixo a blusa. O soberbio, altivo e dominante Occidente politiza o veo cunha lei capitalista que pretende controlar a muller, anque neste caso o obxectivo é único: só á muller musulmana que acaba así sometida a unha dobre cadea de prohibicións; a patriarcal e a occidental burguesa que, di Badiou, nunha “situación acomodada xa só cre na súa propia perpetuación”. Veo ou hiyad para tapar as mulleres, como os hábitos das monxas. Represión –coñecida tamén na tradición cristiá e xudía– trala que se dá unha dobre lectura: a condena á cultura e relixión musulmana e, anque non se queira ver, o rexeitamento á occidentalización dos costumes. Abrolla así un tema de identidade, de resposta e resistencia das mulleres árabes que non debe ocultarse. Cara ás horas violetas do 8 de marzo, a RDL volve sobre a autonomía do feminismo árabe: sobre a loita das súas mulleres.

Pártese dunha afirmación: os compoñentes esenciais do patriarcado nunha sociedade musulmana, a subordinación da muller en diferentes eidos, non son tan diferentes dos que existen en Occidente. A subordinación é visible, sendo os conceptos "identidade" e "mundo musulmán", notas determinantes doutra realidade que a mirada occidental segue sen comprender e ós que se aproxima con non poucos etiquetados: integrismo, terrorismo.... Co fin de superar as ideas estereotipadas do feminino-pasivo no Islam escribe, entre mulleres, Fátima Mernisi: "Algunhas feministas occidentais ven as mulleres árabes como escravas servís e obedientes, incapaces de tomar conciencia ou de desenvolver ideas revolucionarias propias que non sigan o dictado das mulleres máis liberadas do mundo (de Nova York, París ou Londres), a primeira vista parece máis difícil de entender que unha postura semellante nos patriarcas árabes". E pregúntase: ¿por qué unha feminista americana ou francesa cre que eu non estou tan preparada coma ela para recoñecer os esquemas de degradación patriarcal?" Descóbrese – responde – que esto a coloca nunha posición de poder: "ela é a líder e eu a seguidora: ela, que quere cambiar o sistema para que a situación da muller sexa máis igualitaria, a pesar diso (moi no fondo do seu legado ideolóxico subliminal) retén o instinto distorsionador, racista e imperialista dos homes occidentais". Sirva o debate sobre o veo en Francia como mero exemplo do abrollar dunha visión occidentalizada e imperialista que, por xustiza, deberá someterse a revisión aínda máis tendo en conta que, case sen excepción, as sociedades que conforman o "mundo musulmán" comparten unha historia de colonización e dominación e control hexemónico. "¿Cómo non inquietarse ante o sentimento antiárabe e antimusulmán que se ins-

someter a muller, no mesmo Corán constátase a tendencia subversiva das mulleres árabes. E Mernisi relata con ironía a actitude de sometemento patriarcal: "se recoñeceran que a resistencia das mulleres é un fenómeno autóctono do Islam, terían que recoñecer que a agresión contra o sistema non só vén de Wáshington ou París, senón tamén das mulleres que abrazan cada noite e á quen quere vivir con este pensamento?". E que, anque resulte custoso crelo, a muller musulmana non está tan pendente do veo ou a danza do ventre ó pensar do turista occidental, como pola conquista dos seus dereitos: a igualdade de oportunidades no ensino, no traballo ou na promoción dos seus intereses. Pasa o veo a ser unha sorte de fetiche de occidente, sobre todo diante dunha muller que por iniciativa propia, decide levalo: unha elección persoal como a preferencia por un cosmético ou un peiteado determinado. A función do veo, hiyad –que literalmente en árabe significa cortina– é evitar a transparencia, velar ou agochar determinados asuntos. Coloca Mernisi máis preguntas sobre a mesa: ¿Por que os políticos non poden soportar a unha muller musulmana desafiante, que se planta diante deles, cos ombreiros ben altos e o peito moi avanzado, mirándoo os ollos audazmente para descubrir o que está tramando? ¿Por que os políticos non soportan ver o noso pelo e as nosas caras sen veo ou que os miremos sen medo de fronte? ¿Por que todos soñan con esa criatura silenciosa e submisiva, totalmente agochada tralo veo? No nome da tradición vólvese contra a sociedade civil. O veo, manobra de distracción ante os problemas de desemprego e explosión demográfica, cobre os debates sobre o analfabetismo ou a marxinação da muller. Di Mernisi que nos anos oitenta preguntábase unha e outra vez: ¿Por que tantos políticos musulmáns usan



tala e banaliza ese debate?", advirte o profesor de filosofía Pierre Tevanyan nun artigo en 'Le Monde Diplomatique' no que sonda sobre unha diatriba que pon en xaque a algunhas posicións esquerda: "moitos militantes laicos loitan dende hai tempo pola prohibición de todos os signos relixiosos, pero foi a focalización sobre o veo –anque non queiran admitilo– o que lles valeu tantos apoios".

En todo unha única razón feminista para oporse á prohibición do veo é a negativa a calquera forma de coacción ou de presión exercida contra as mulleres, xa sexa por obrigarlles a ocultar o seu corpo como para obrigalas a mostralo. "É a mesma violencia", declara a debuxante Marjane Satrapi, que se viu obrigada a levar o veo na súa infancia en Irán. "Totalmente oposta ó veo" maniféstase tamén oposta á súa prohibición, á que considera 'tan opresiva' como a obrigación de levalo.

Coas advertencias sobre a mesa, recorda a ensaísta Fátima Mernisi que as campañas que se levaron a cabo nos anos oitenta para reforzar a obrigatoriedade do veo tiveron efectos transcendentais na medida que constituían un ataque contra a democracia: obrigada a pór o veo, a metade da poboación fíxose invisible, como por arte de maxia, volveu a esfera doméstica e deixou de participar na vida pública. Cumpríase así o obxectivo do Islam petrodólar que bloqueou o debate democrático no mundo árabe, sendo a muller eixe fundamental: evitando a súa formación, evítase a súa emancipación nun axioma en total vixencia.

Así o igual que se bota man dunha lectura maniquea e nesgada dos textos do Corán para conseguir

o seu xeito de entender a relixión e a nosa tradición sagrada como escusa para obrigar as mulleres a cubrir o pelo cun veo, a agochar o seu peito en pesados chador e a camiñar coa mirada modesta fixa no chan? Se o seu obxectivo era ensinar o Islam ¿por que non ensinan a beleza do Islam do profeta Muhammad? É Muhammad o protagonista de 'Le Harem politique' de Mernisi que retrata como un defensor da dignidade das mulleres e por abrírlles as mesquitas en igualdade de condicións que os homes. O certo é que son precisamente as mulleres, as grandes interpretadoras do Corán: Aisha foi unha das esposas de Muhammad: acudían a ela persoas dende as terras máis recónditas polo seu coñecemento do fiqh (debate e discusión sobre o dereito), da Sunna e daquello que é obrigatorio. Recitaba a poesía árabe con gran pureza. Era asombrosa no tafsir (comentarios sobre o Qur'an) e posuía un amplo saber de medicina. Con ela, moitas máis, como a santa sufi Rabea Adauia –que recorda Mohamed Chukri en 'Rostros, amores, maldicións'. Unha cultura de muller detrás dos balbordes –ou as ululacións cantadas só polas mulleres que se fan cunha pulsación rítmica da lingua e que transmiten máis poder que as palabras– ou dos contacontos das mulleres rifeñas que na súa lingua materna, o tarifit, transmiten a súa cultura en forma de contos (tinfas), de cancións (izran), de adiviñanzas (tihuja): son as mulleres bereberes de lingua viva. Son millóns detrás da chilaba, o chador, o sifsari, a burka, a galabiya, o haik ou o niqab. Seguindo o fío da Axenda Feminista das mulleres árabes do 2004 achegamos algúns perfís:



Sen título da serie Rapture-Women Scattered. (1999). A imaxe da páxina 5 corresponde a unha proposta da marroquina Nadine Touma


Wallada, a Omeia, poeta e artista (Córdoba, anos 416 e ss.

(1036 gregoriano): Filla do califa Al-Mustafki, foi educada directamente pola súa nai, a escrava Amin'am, que fora formada na Escola de Cantoras de Medina. Con dezasete anos decidiu saír do harén da familia negociando co sucesor de seu pai, o último omeia Hissam III, o seu título e a súa herdanza a cambio da súa liberdade. No salón literario de Wallada escribíronse versos, discursos e teorías, converxouse de filosofía, medicina ou historia, falou de maxia e astronomía, chorouse polas ruínas do palacio de Medina al-Zahra, conspirouse e decidíronse políticas que afectaban á cidade. Tanto prestixio acadou o seu salón e tantas foron as doazóns que Wallada aceptou fillas de ilustres como alumnas ás que instruíu na arte de compor versos, os segredos das rimas improvisadas, as moaxajas... Foron convidados importantes pensadores como Ibn Hazm, que por aquela época concluíra o seu tratado de amor 'O colar da pomba'. Nunha desas longas tardes coñeceu Wallada ó poeta Ibn Zaidun. Contan que se estableceu un duelo poético e amoroso sen precedentes preferindo el odas e proverbios de grande erudición e ela o verso espontáneo da emoción, a simplicidade da linguaxe e a forza lírica. E así os seus poemas chegaron ós nosos días.

Radiia, a sultá mameluca. Deli. Ano 634 (1250 gregoriano): O sultán mameluco Ilututish foi rei de Deli, capital dunha India onde a súa orixe escrava amosaba o islamismo como unha relixión democrática. A causa da súa orixe, non lle custou ningún esforzo recoñecer o valor dunha muller: "Os meus fillos son incapaces de gobernar, e por iso decidín que a miña filla Radiia sexa a que reine despois de min". Non obstante, os irmáns da raíña xunto cos príncipes, sultáns e visires, trataron de arrebatarlle o poder. Ela utilizou o sistema que instaurara seu pai para permitir que o oprimido pedira axuda: vestiu a roupa branca das vítimas das inxustizas e, o venres, na reunión dos fieis na mesquita, falou. O exército e o pobo estiveron de acordo en designar gobernante a Radiia. Gobernou como monarca absoluta durante anos e cumpriu os seus deberes con gran competencia. "Camiñaba polo zoco e sentaba entre nós para escoitar as nosas queixas". Radiia era chamada a raíña solteirona ata que namorou dun escravo etíope. "O piar das mulleres, a Raíña dos tempos, violou o comportamento moral permitindo que un escravo a toque". As autoridades relixiosas e os príncipes uníronse contra ela. Radiia abandonou Deli co seu exército para dar batalla en campo aberto.

Do Feminismo exipcio: A principios do século XX Nabawiia Musa ingresa na escola secundaria, sendo a primeira muller exipcia en facelo (e a última en moitos anos, pois a administración inglesa non o permitiu máis) e Huda Sha'rawi e a princesa Ain al-Haiat organizan as primeiras lecturas para mulleres na Universidade do Cairo. A loita sufraxista únese á independentista: Huda Sha'rawi crea a Unión de Feministas Exipcias, acode ó 9º Congreso da Alianza Internacional de Mulleres polo Sufraxio e convoca a primeira manifestación de mulleres contra a ocupación inglesa. Sen embargo, as primeiras concesións independentistas deixan fóra ás mulleres, que reaccionan reclamando acceso á educación e ó traballo, dereitos políticos e reforma do código civil. Fundan xornais e grupos de mozas, fillas e netas das pioneiras. As primeiras doutoras universitarias e as primeiras feministas islámicas enfrontáanse ás leis sobre poligamia e repudio. Por outro lado, celébrase a primeira Conferencia Feminista Árabe. Duriia Shafiq funda tres xornais antes de crear a Unión de Fillas do Nilo, cunha ampla base de mulleres por todo o país, que abren bibliotecas e centros de saúde, e convértese na líder da última etapa da loita polo voto. Marchas e sentadas ante o Parlamento, folgas de fame e debates logran dar o empurrón final a unha loita de máis de catro décadas.

Cheika Remitti. Cantante. (Alxeria): Gañou a pulso o seu tío Raíña do Rai, cunha vida realmente dura, de fame, marxinalidade e rebeldía. Unha rebeldía con causa, a dunha cantante pola liberdade, incluída a liberdade sexual. A súa famosa canción 'Charrag, gattaa' é unha proclama en favor do sexo libre e prazenteiro, algo impensable en Alxeria ou case en calquera parte do mundo nos anos cincuenta, cando Remitti a compuxo en cantou por primeira vez. Con setenta anos deuse a coñecer en todo o mundo, hoxe ten oitenta e a súa voz adquiriu un gusto propio, autoritario e cun ton abrasivo que podería disolver a pintura das paredes. Acompañada só pola percusión e frauta doce, este rai auténtico, como sonaba cando era música só cantada por mulleres, é cru coma o deserto logo dunha tormenta de area. "A través das dificultades e a tristura convertíntime en cantante e conseguín comida para vivir. Agora son moi feliz. Traballo para trinta e seis persoas, os meus fillos e fillas e netos e netas. Canto sobre a miseria. Canto sobre o amor. Canto sobre a situación das mulleres. As cancións corren pola miña cabeza como abellas que non deixan de picarme. Danme insomnio e compoño polas noites".



Sen título (Woman of Allah), 1994 da iraniana Shirin Neshat

Fátima Mernissi. Ensaísta: “Nacín en 1940 nun harén de Fez, cidade marroquí do século IX, cinco mil quilómetros ó oeste da Medina e mil quilómetros ó sur de Madrid, unha das perigosas capitais dos cristiáns. O meu pai dicía que cos cristiáns, igual que coas mulleres, os problemas empezan cando non se respecta a fronteira sagrada ou hudud. Eu nacín en pleno caos: nin os cristiáns nin as mulleres respectaban as fronteiras”. Así principia Fátima Mernissi as memorias da súa infancia, lembrándonos onde, desde sempre, fixou a súa ollada lúcida e libre. É unha autoridade mundial en estudos coránicos e unha das voces máis potentes do islamismo. Educouse exclusivamente en escolas coránicas e falou só árabe ata os vinte anos. Hoxe é consultora en diversos organismos internacionais, profesora investigadora da Universidade de Rabat, onde reside coa súa familia, e Premio Príncipe de Asturias das Letras en 2003. “Se pensas de máis en muros e normas, perderás a ocasión de ser feliz, querida nena”, aconsellábala a súa avoa lasmina. Ela tocou con todas as normas e muros, pero pasou por riba deles para deixar a súa palabra escrita chea de amor e de sentido común.

Moufida Tlatli. Directora de cine. Tunes: Fillá da xeración de Bourguiba, creceu baixo a influencia da recente independencia de Francia que impulsou un réxime laico. A historia de Moufida é a dunha xeración de mulleres que se agarrou con avidez á liberdade. “Pero un día”, conta Tlatli, “cun bebé no meu ventre, volví a casa e decateime de canto máis doado sería para o meu traballo contar con alguén que me axudara coa miña filla. Así que cando dei a luz, seguindo a tradición, leveille a miña filla á miña nai para que a coidara. Ela, incapaz de dicir non, algo que eu ben sabía, acolleuna”. A nai enfermou de Alzheimer. “Foi un golpe terrible, caeu do seu mutismo a un moito máis profundo e sentínme desfeita pola culpabilidade. Só entón me dei de conta do océano de distancia que existía

elixida deputada. A súa nai coseu e bordou o fermoso vestido co que foi tomar posesión do seu escano. Unha fita de cores tradicionais curdas recollía o seu pelo. Despois de xurar lealdade en turco engadiu na súa lingua materna: “Loitarei por unha convivencia en paz”. Os seus discursos e escritos en defensa dunha solución pacífica foron presentados como probas da súa pertenza ó Partido dos Traballadores Curdos e foi condenada a quince anos de cárcere. En 1993 o Parlamento turco recibiu o documento Un día para Leila Zana asinado por mulleres de once países europeos, Estados Unidos e Canadá ofrecéndose a pasar un día na prisión a cambio dun día de liberdade provisional para Leila.

Zoia. Militante da Asociación Revolucionaria de Mulleres de Afganistán: A primeira vez que visitei os Estados Unidos levei o meu pasaporte e o meu burka. Eve Ensler, a dramaturga que escribiu ‘Monólogos da vagina’, invitara á Asociación. Era febreiro de 2001. Aínda non cumprira os vintetrés anos e falei perante unha multitude, non estaba nerviosa nin tiven medo. O 11 de setembro do mesmo ano, vin as terribles imaxes. A CIA utilizou durante anos a Bin Laden para acabar cos rusos, agora el rebélase contra os Estados Unidos e estes están furiosos, pensei. Bush bombardeou todo o país e non só os talibáns. Nacín en Cabul en 1978, os meus pais loitaban pola democracia. Cando nacín miña nai xa militaba na asociación. Eu tiña sete anos e xuntas repartíamos panfletos polas casas e as mesquitas denunciando que ás mulleres non só as golpeaban e violaban os seus homes senón tamén os soldados. Percorriamos as rúas, ela escondida baixo o burka, os panfletos agochados no meu osiño de peluxe. En 1992, despois de tres anos de guerra, chegaron ó poder os muiahidins. Naquela época de barbarie desapareceron meu pai e miña nai; tiña catorce anos, aniñei na cama procurando facerme o máis pequena posible. Unha muller da RAWA chamou á

Galicia Hoxe 04/03/04

rdL | 9



entre nolas dúas. Deixei o meu traballo e pasei sete anos coidando dela e das miñas dúas crianzas”. Esta experiencia levouna a dirixir a súa primeira película como unha profunda necesidade de tratar o destino da súa nai, Os silencios de palacio.


Luisa Hanune. Militante política (Alxeria): Tiña oito anos o día en que se proclamou a independencia. “Todo o mundo corría polas rúas, era un estourido de alegría. Vin a curmáns miñas correndo coa cara descuberta. Todo estaba permitido”. Luisa Hanune é a única muller que en Alxeria dirixe un partido político, o Partido dos Traballadores. Para unha parte da elite alxeriana e francesa é unha feminista que apoia ós islamistas, pero para a opinión popular é a militante que denuncia a represión feroz que se exerce sobre o seu pobo. “Na miña familia son a primeira muller que foi á escola. Mentres fun nena meu pai aceptábao, os problemas empezaron coa puberdade. Cando saquei o certificado de estudos díxome: apáñate soa. Marche da casa coa complicidade da miña nai e estudiei deiteito”. “Os relatos que ela me contaba sobre aquelas mulleres guerrilleiras animaron a miña mocidade, foron as miñas heroínas, eran das nosas, falaban árabe, eran musulmanas e loitaban para que Alxeria fora independente. O que eu ambiciono para nós é que se nos garanta o dereito a saber e a traballar en paz e dignidade, ser libres para vestir como nos pete sen converternos por iso nun emblema dos uns ou dos outros”. (Entrevista realizada en 1997).

Leila Zana. Dirixente curda: Naceu en 1961 en Diarbaki, zona curda de Turquía. Cando estaba embarazada do seu segundo fillo detiveron o seu home, implicado na loita pola independencia. Leila aprendeu a falar turco para poder visitalo na cadea. Achou todo o apoio na súa nai e nas mulleres da súa gran familia. Cando se presentou ás eleccións parlamentarias, as mulleres e moitos homes puxeron as súas esperanzas nela; en 1991 chegou a ser a primeira muller curda

porta unha madrugada. Elas eran as miñas amigas. Iniciaremos unha nova vida en Paquistán, díxome. Fun á Escola Rural de Nenas. Dous anos despois tomaron o poder no meu país os talibán.

Natacha Atlas. Cantante: Naceu en Bélxica, filla de pai exipcio e nai inglesa, creceu nos suburbios marroquís de Bruxelas, aprendeu a falar con facilidade francés, español, árabe e inglés. Mergullouse na cultura árabe, o chaab (pop exipcio), e aprendeu desde a súa nenez as técnicas do raks sharki –baile do ventre– que utiliza cun efecto devastador nas súas actuacións. Pero máis chamativa é aínda a súa voz, que descende subitamente e voa, mesturando o seu talento coas complexidades da teoría musical árabe, nun estourido excitante, inmediato e evocador. Ten tres discos en solitario e innumerables colaboracións con artistas e bandas sonoras de películas, alén de ser a voz do colectivo musical Transglobal Underground. Desde hai anos vive no Cairo, cidade da que di que “é unha cidade verdadeiramente cocha, pero vibrante e atractiva á vez”. En 2000 recibiu o premio Victoire de la Musique en Francia e foi nomeada embaixadora de boa vontade da ONU na Conferencia Mundial contra o Racismo de Durban (Sudáfrica). É representante do lobby europeo de mulleres, participou en actos de apoio para a organización RAWA e colabora coa organización V-Day e a súa campaña Parar a violación. As cancións de Natacha son inocentes e divertidas e dan unhas gañas tolas de bailar cada vez que se oen. A súa pronuncia do inglés supera en despropósitos a calquera... ese ‘heartache’ con triple erre é sinxelamente encantador.

A situación da muller no contexto islámico é unha das pedras angulares de toda crítica occidental ó mundo musulmán. A imaxinería europea elaborou un espectáculo fantástico de haréns, mulleres submisas e crueis déspotas que exercen contra elas toda sorte de iniquidades. Claro que nada hai que guste máis a occidente que esquecer os seus crimes.



'Speechles', 1996 de Shirin Neshat, coa que a RDL ilustra a portada e contraportada do monográfico

Con veo ou sen veo, bailar

rcl | 11
Galicia Hoxe 04/03/04

Lupe Gómez

Con veo, ou sen veo, mulleres libres, bailando. As mulleres, como unha esencia nova que nos achega ao futuro. Un lugar para loitar e resistir. O sitio dos inventos. O corpo, ás veces como unha tatuaxe. Ás veces o corpo como algo que hai que vestir, ocultar. Facelo fermoso. Maltratalo.

Parece que non hai naturalidade nas nosas vidas. Que continuamente temos que adoptar un papel. Lonxe de nós. Lonxe do que somos. Volvernos guapas aínda que sexamos feas. Non ser elegantes, senón disfrazarse para parecelo. Renunciar á nosa identidade. Sentirnos atadas por fortes cadeas. Recibir labazadas. Escandalizar, nunca. Berrar, nunca. Continuamente disimular e seguir andando e baixar a cabeza.

A min sorprendeume ver nos xornais mulleres novas manifestándose a favor do veo. As mulleres árabes teñen a súa fashion, a súa idiosincrasia, a súa rabia. A rabia move o mundo. Eu estou a favor do veo, sempre e cando non sexa unha manobra machista para golpearnos. Sempre e cando sexa unha decisión da muller.

Estou a favor de que en Occidente as mulleres vistan como queiran, e que leven veo se queren levalo. Eu non quixera ocultar o meu rostro. Pero ás veces é mellor vivir en silencio, na sombra. Poñer gafas. Ás veces é mesmo unha forma de liberdade. O silencio move o mundo. Ocultarse, para rebelarse ante unha globalización que me asusta. Un pensamento único que me rompe as pernas. Eu quero levantar as tetas, coa miña ironía, coa miña tristeza, cos meus vaqueros, coa miña roupa de cores, cos meus ollos violados, coa miña risa alta. Dende a violación que o mundo supón, levantarnos da pasividade e amencer libres e violentas. Porque a creatividade e a violencia van implícitas en nós, as mulleres somos seres humanos que moitas veces foron anulados e ignorados. Temos que sacar a saia. Entregarnos ao vento, como as mulleres árabes. O silencio é máis importante que as máscaras. O silencio fala máis da dignidade. Continuamente, o silencio oriental das vacas. A relixión galega e zen. Os círculos. As mulleres tapadas. As mentiras do carnaval no que vivimos. Os ollos pintados.

Ocultarse para redescubrir a beleza nos templos interiores dunha mirada feminista, circular e plena. Abstraerse. Non volvernos tolas no intento de namorarnos e de que se namoren de nós. Romper os vínculos cos príncipes e imaxinar vínculos novos, novos príncipes. Entre os dous sexos, facer unha festa moi grande.

É complicado. Taparse ou espirse. Todo se entremestura. É bonito que sexa complicado, significa que hai riqueza e diferencias no mundo. Na miña aldea as mulleres aínda levan pano na cabeza, e ás veces case non se lles ve a cara. Parecen mulleres fuxindo de algo. Fuxindo quizais dunha visibilidade que non sempre nos beneficia.

É unha visibilidade moi maquillada. Moi usurpada. Moi manipulada. Ás veces moi incómoda. Moi utilizada en contra de nós, cando o que se quere aparentar é todo o contrario. Normalidade. Mozas guapas e independentes, mesmo con poder político e social. Ás veces creo que é máis libre miña nai na aldea, vestida como un fantasma para ir darlles de comer ás súas galiñas e aos seus coellos. En silencio.

Quero dicir que ás veces os avances son virtuais, falsos. Que hai unhas normas que temos que acatar, e díxenos como temos que vestirnos, como temos que actuar. Desde logo, non podemos estar gordas. E se o estamos, sentímonos mal. Non é iso un terrible veo? O veo máis terrible é o que nos afecta, o que nos fai sufrir. Non o cacho de tea que poñemos sobre os ollos. Ás veces hai veos máis sutís que son moito máis terribles que ese veo físico que nos interrompe a mirada. En calquera caso, parece moi difícil que sexamos corpos libres no pracer, que falemos sen medo do noso corpo, que o corpo das mulleres non sexa un sitio para levar golpes, que o noso corpo non sexa fatalmente utilizado e menosprezado dende o capitalismo e a publicidade, que non nos dicten como temos que ser, sentir e ir vestidas.

Eu quero bailar, con veo ou sen veo. Quero a alegría das mulleres. O amor. A nosa integridade. Con veo ou sen veo, facer música e reunirme pola noite cos elefantes. Facer que, como mulleres, loitemos polo que nos pertence, polo que amamos. Con moita forza. Porque é unha loita necesaria. Poder falar, ou poder vivir no silencio. Ser libres para ser nós mesmas. Para espirmos ou para ocultarnos. Para escandalizar ou para ser discretas. Rebelarnos contra os límites e contra as normas. Escaparnos da escola. Decidir as nosas vidas. Facer, cos nosos corpos, un pentagrama. Facer, cos nosos corpos, un vestido moi grande que nos tape. Para sentirnos protexidas, lonxe. Para fuxir dos golpes. Para fuxir da realidade, que case sempre é ficción que nos asusta. Moitas veces o feminismo non é verdade, nin os avances. Eu moitas veces quero irme. Poñer un veo.



Coordinación: A.R. López e Soedade Noia. Deseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo e S. Noia. Fotografía: Chico Mirás. Correo: mare@galicia-hoxe.com

Cronoloxía:

1906: Nace en Viveiro o 13 de xuño de 1906. **1916:** Trasládase a Santiago e ingresa no Instituto General y Técnico. **1923:** É un dos nove fundadores do Seminario de Estudos Galegos. **1927:** Licenciase con Premio extraordinario e é nomeado profesor axudante de Dereito Administrativo na Universidade de Santiago de Compostela. **1928:** Inicia o servizo militar. **1929:** Comeza os seus estudos de Ciencia Política en Berlín. **1930:** Gaña por oposición a praza de profesor auxiliar de Historia do Dereito e Dereito Romano. **1931:** Marcha a Madrid para facer o doutoramento. Participa no grupo de traballo que elabora o anteproxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia. **1932:** Aproba o ingreso na Carreira Diplomática. **1933:** É nomeado secretario de Embaixada, adscrito á Legación de España en Bulgaria. **1937:** É nomeado cónsul de primeira no Consulado Xeral de Montevideo, pero continúa en Sofía en comisión de servizo. Trasládase ao Ministerio en Valencia, onde estaba daquela o goberno. **1938:** É nomeado secretario xeral do Ministerio de Estado. **1939:** Embarca rumbo a América. Pasa por Nova York e comeza o exilio en Cuba. **1940:** En xaneiro arriba a México. **1941:** Instálase en Montevideo. **1945:** Nace Miguel, o seu primeiro fillo. **1946:** A Federación de Sociedades Galegas de Bos Aires premia as súas traducións poéticas. **1954:** Nace a súa filla, Constanza. **1956:** Participa activamente na organización do I Congreso da Emigración Galega, celebrado en Bos Aires. **1957:** Publicanse os dous primeiros tomos da Historia de Galiza. **1958:** Obtén a credencial de tradutor da ONU. **1963:** Regresa a España. Culmina a tradución galega de "Mutter Courage und ihre Kinder", peza teatral de Bertolt Brecht. **1965:** Visita o seu Viveiro natal, despois de décadas de ausencia forzada. **1974:** Reingresa na carreira diplomática. Publica "Gondomar y su triunfo sobre Raleigh". **1978:** Celebra en Santiago as votas de ouro da promoción 1927-1928 da licenciatura en dereito. **1980:** Dá a coñecer en edicións do Castro a versión galega de "Os Sonetos a Orleu", de Rainer María Rilke. **1984:** O Padroado do Pedrón de Ouro outórgalle o Pergameo de Honra e Loubanza. Publica "A intervención de Gondomar" nos problemas internacionais da pesca. **1987:** Morre a súa muller, María del Carmen, Melu. Publica "Gondomar y los católicos ingleses". **1991:** A Fundación Otero Pedrayo concédelle o seu galardón anual. **1994:** Publica as súas memorias, "As Décadas de T.L.". **1997:** A Corporación Municipal de Viveiro concédelle a Medalla de Honra. Publica a versión galega de "Fausto", de Johann Wolfgang von Goethe. **1999:** Recibe o premio das Artes e das Letras de Galicia. **2000:** Ingresa no Consello Asesor do Igadi (Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional). **2001:** Recibe unha nutrida e sentida homenaxe no Ateneo de Madrid. **2002:** Recibe o Premio de Tradución Plácido Castro, pola súa versión galega de "Fausto". **2003:** Falece en Madrid á idade de 96 anos, un 12 de marzo.

Coordinación: A.R. López e Soedade Noia.
 Deseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo e S. Noia.
 Fotografía: Chico Mirás. Correo: mare@galicia-hoxe.com

11 / MARZO DE 2004 - NÚMERO 506

rdL REVISTA
 DAS
 LETRAS

Tobío



Pensaba Tobío (Viveiro, 1906-Madrid, 2003) na outra Galicia: a Galicia posible que abrollaba de seu, espíndose no valor da identidade, sendo tamén identidade unha forma de entender o mundo. Humanista e renacentista, lector do patriarca Proust e de poetas malditos, nunca esquecidos, como Noailles ou o gran Valery, Tobío foino todo para este país. Todo: membro do consello executivo do Partido Galeguista, fundador do Seminario de Estudos Galegos, redactor do Anteproxecto de Estatuto de Autonomía para Galicia, delegado do Consello de Galiza, ensaísta, traductor, xurista, diplomático.. que mergullaba tanto na literatura francesa ou dirixía a 'Historia de Galiza' de Otero Pedraio como, de xeito humilde e elegante –en palabras de Díaz Pardo– dáballe trazo e arquitectura xurídica a Galicia: a súa Galiza, con z, do anteproxecto de estatuto do 1931 por un Estado Federal. Porque como mantén Díaz Pardo, no repaso para a RDL dunha figura da que hoxe se

Detrás de Tobío

Unha Galicia posible


cumpre o seu primeiro cabodano, "prescindiuse de Tobío". Pasouse por alto. Esqueceuse. Pasados exilios, separado da carreira diplomática durante anos, comprometido coa república, evitouse a súa voz: unha voz á que hoxe, na actualidade e vixencia do discurso, cómpre volver. No anxeio da súa rehabilitación, por ser figura transcendental da historia de Galicia, foi Xulio Ríos –director do Igadi e autor da Biografía de 'Lois Tobío' que publicará Ir Indo e da que se extrae parte do material gráfico nesta entrega– quen impulsou este monográfico que reúne amigos e amigas e textos arredor dun constructor comprometido, humanista e universal. Tobío deixounos décadas descubrindo arte, literatura, historia, viaxes, traballo editorial nun cartafol que aínda non está pechado: como a novela inédita, 'A nova vida' da que, da man de Edicións do Castro, se avanza neste número o seu arranque. Un arranque que quere ser comezo de pago dunha débeda pendente.


A voz esquecida

En testemuño de Díaz Pardo

“É lamentable que na construción da autonomía non se tivera en conta a Tobío”, sentencia o empresario e intelectual galeguista Isaac Díaz Pardo, memoria do exilio e doutros tempos nos que, como destaca, “tívoise moita presión por facer a Xunta dos 16 na redacción do Estatuto prescindindo daqueles que máis entendían da súa construción”. Destaca Díaz Pardo cómo Castelao lle encargara o artellamento a Tobío, un dos autores do anteproxecto do estatuto no 1931, do Consello de Galiza: “a institución, engade, coa representación en fideicomiso do pobo galego en escuras horas de dictadura ante o que Tobío se mantivo sempre vixilante para preservar a súa lexitimidade”. Logo incide no seu carácter de “elegancia extraordinaria, que nunca reclamou nada” ou na “visión e prudencia coa que trataba todos os temas”. Volver a Tobío é o primeiro paso para, ó entender de Díaz Pardo, rehabilitar unha figura que non dubida en encadrala como “principal, logo de Castelao, na historia de Galicia”.

Cóñeceu Díaz Pardo a Tobío no SEG, e antes, no taller do seu pai, o pintor Camilo Díaz Baliño represaliado polo franquismo no 1936, anque a súa relación sería máis estreita no exilio; exilio que o fundador de empresas como Sargadelos e Edicións do Castro analiza dende unha dobre vertente: dende a vontade dos intelectuais de manterse fóra do país como acto de protesta e dende a posición dos que, dende Galiza, os ignoraban. Así recorda a un irado Rafael Dieste que o increpaba ó recordalle cómo “o exilio ía morrer ó non coñecerlos ninguén”. Acabaría Dieste dándolle a razón ó home que segue hoxe encintando o legado dos homes e mulleres exiliadas, como o de Tobío, a quen Edicións do Castro, logo de editarlle catro obras, está a piques de publicar unha novela inédita, sobre sesenta páxinas: ‘A vida nova’, un texto temperán do autor de ‘As décadas de T. L.’. Décadas que, nunha parte, outro diplomático, Juan Durán Loriga, se encargou de traducir ó castelán baixo o título de ‘Recuerdos de un diplomático intermitente’ nunha edición que será presentada o vindeiro día 23 no Museo de Pontevedra. Destaca Díaz Pardo de Tobío a súa contribución á causa federalista – “como eramos todos” – para recuncar na actualidade e vixencia do seu ideario. Teses e visión universalista que exemplifica no home-fundador do SEG, entidade na que Díaz Pardo abonda para situar a entidade por riba da Institución Libre de Enseñanza. Unha a unha ábrese na memoria de Díaz Pardo un álbum de anécdotas: sobre ‘As décadas de T. L.’ na confusión con Tito Livio en intención do diplomático, traductor e xurista que, fiel á cita no ‘Hotel Orfeo’ co seu Viveiro natal, rematara con Isaac Díaz Pardo en compañía dunha profesora búlgara: como quen non quere a cousa comezara Tobío a falarlle e mesmo a cantarlle na súa lingua. Eis o Tobío inmenso que non acota Díaz Pardo ó ser de descuberta constante. Mágoa que as súas teses en contra das deputacións, “invencción francesa para evitar os reinos naturais” – como describe Díaz Pardo – ou a Galiza, non Galicia, coa que se ía designar o país, non chegaran ata hoxe. É o de Tobío un labor por descubrir.





A nova vida

Lois Tobío

Aquela mañán despertara máis tarde do acostumado. Durmira ben, dunha asentada, sen sonhos. Mais ó voltar daquel mundo vello e sempre novo, ó rexurdir daquel mergullamento, traía consigo unha nova idea. Cicáis non viña a idea daquel mundo do sono, cicáis aparecera no luscofusco entre o sono e a vixilia, cando xe se sinten os brúidos da afora – o canto do galo, o ladrar dun can, o cantar dun carro – mais fica aínda un ollo pendurado das tebras e lumes do durmir. Sexa o que for, a idea dáballle unha grande ledicia. Todo era moi estrano. Era estrano, primeiro, que se lle viñer ós miolos naquela mañán felís, despois dun sono longo, tranuío, cando se sentía repousado, cun benestar do corpo por moito tempo descoñecido. Nas noites de insomnía, entre a inqueda das voltas inacababres, a mortificación dos ollos que lle ardían e non se querían pechar, non se lle ocorrira endexamáis semellante cousa. E xurdíralle hoxe que estaba fresco e led, hoxe que tiña gañas de cantar con toda a súa forza. Poisd a idea, ben mirado, non tiña ren de leda si se consideraba friamente, refreusivamente. Por eso era tamén raro que lle dera ledicia. E dáballa.

A idea era a de liscarse deste mundo. Dita así, a cousa non tiña moito aquel de tráxico. Largárese coma quen se laga dunha festa aborredica, dunha xuntanza parva ou, máis aínda, dunha feira de tolos a esbardallar e facer triquinencia. Eso estaba ben. Mailo conto era que para toca-lo zoco deste mundo había que matarse. Había que se botar ó mar, ou aforcárese, ou meterse un tiro. Cando coidaba neste un arreguizo afiado e xiado lle percorría o arangulo. Tan só un intre. Porque a idea principal e sustancial, a de se ire, domiñaba o sempre detalle do procedemento.

Hachábase deitado no leito tépedo, cunha sensación de beatitude. Pola fiestra pechada, de vidros pequeneiros, ollaba o teito pizarrento da casa de enfrente, a súa pesada chemineia e o ceo giseiro e baixo. Mañán morna, de outono, sedante. A mañán e o leito tiñan unha curiosa semellanza, eran cáseque a mesma cousa, prolongación a uha do outro. Selevóuse unha migalla, apoióu a testa na rexa táboada da cabeceira. Ó seu carón aínda ficaba no cabezal, como unha cunca, a marca da cabeza da súa muller. Nin a sentira dixel-o leito. Ou ela andivera máis

paseniño que de cotío ou él durmía máis fondamente. ¿Sería ela a que percorreu non espertalo? Non podía sere. Cando estaba durmido ó se ela espertare, cousa ben rara, ou ela ou, máis adoito, a sogra turraban de él, abaneábano como a unha cerrolleira, chamábanlle de todas, facíanlo erguer e vistírese á carreira. E entón escomenzaban os berros, o trecolear pra riba e pra baixo, o bater de portas poila a casa era todo o santo día un inferno. E tiña que aturalo, él que tanto arelaba o socego, o falar lene, a paz.

Hoxe, por raro caso, había na casa un silencio perfecto. Terían saído as dúas. Mais, ¿por qué nono espertaron, como de adoito, por qué o deixaron seguir durmindo? Sen dúbida tiveron que saíre depresa, algunha angueira súpeta, quen sabe qué. Era raro. Deixábase estare, nontiña desexo de abandoare o acougo do leito. E a idea tornáballle, envolta en garimosas luces, leda idea de liberación. Medraba o rormor na rúa que chegaba a él axordado a travesa da fiestra pechada. Coma ondas mainas, coma nubens manseliñas, dondamente, escomenzaron ainzar a súa memoria lembranzas doutroa primeiro soltas, vagarosas, borrallentas, despois máis craras, máis avencelladas, orgaizadas, cada ves.

Coidaba que fora, no que era a súa vida. O pai cáseque nino coñecera, morrera sendo él moi cativo, era unha imaxe bretemosa, repintada mil veces polos contos da naiciña. Andaba no mar, estaba moitos meses, cicáis anos, navegando, logo voltaba cargado de caixas cheas de cousas mercadas en terras de lonxe. A única figuranza un pouco nidia que tiña dél era xustamente dunha destas vegadas en que retornara á casa. Vía aínda na porta da sala, outo, loiro, roibo, resontra do sol que entraba pola galería.

Surrindo, abaixárase e déralle un bico. Non relembra máis. Logo – non podía sabere se foran días, meses ou anos despois daquelo – xurdíalle no recordo o día en que se soupo da súa morte. A casa pechada, escura; a nai, as tías, a aboa, vestidas de loito a chorar polos recunchos, silandeiras, co pano na boca, contendo os saloucos. Debía ter daquela catro ou cinco anos. Non lle dixeran onde nin de qué morrera. Unha das súas tías, a Remedios, dixérlle soamente: Rapaz, morréu teu pai.



Sofía, 1935. Tobío, primeiro pola esquerda, na presentación de credenciais de Carlos de Miranda, co Maréchal de la Cour

O universalismo de Lois Tobío

Xulio Ríos

A andaina vital de Lois Tobío Fernández (1906-2003) cobre todo o século vinte. De fasquía en aparencia distante pero sempre amable e accesible a nada que se trataba, reflexivo e serio pero sempre disposto a entusiasmarse con cordialidade e paciencia, foi unha desas individualidades excepcionais que só de tarde en tarde agroman no noso país. Tobío pertence a unha xeración de humanistas e renacentistas que todo o deron por servir a Galicia dende todos os saberes e situacións. E foi Tobío un home dunha madeira especial, traballador incansable e abnegado, un galego de lei, militante ao cen por cento nas cousas do país, en todo o que sentía no máis fondo, comprometéndose sempre no que cría. En palabras de Ramón Villares, é unha das voces máis esenciais da “outra Galicia”, isto é, dunha das Galicias posibles, pero que a inclemencia da historia acabou malogrando.

Metódico e constante, de hábitos disciplinados, amigo dos paseos e das lecturas, do pracer da conversa cos amigos ou en familia, posuidor dunha rica vida interior pero entrañable a pouco que se derrubaran as primeiras barreiras da distancia e o descoñecemento, Tobío foi un home bo e xeneroso, sempre lúcido e leal, con sentido colectivo do seu facer, cosmopolita e culto, coherente coas súas ideas primeiras que nunca abandonou por comenencias de ocasión. Fuxía dos barullos e nunca andaba á procura de medallas. Esa honestidade intelectual, tan admirada polos máis próximos, forma parte inseparable do seu legado.

A herdanza global que a todos nos deixa é a dun galeguista universalista, a convicción de quen comprendeu de boas a primeiras o imponderable valor da identidade como clave para entenderse co mundo, para desenvolverse sen lindeiros, sen perder o norte irrenunciable das orixes. Ese Tobío que deambula pola diplomacia, pola investigación histórica, pola tradución poética ou ensaística, polo xornalismo, en fin, é o mesmo Tobío do Seminario de Estudos Galegos, do anteproxecto de Estatuto de Autonomía para Galicia, do Consello de Galiza... porque formou parte dunha xeración formada e educada na valiosísima idea do progreso con identidade, do positivo valor do noso achegamento ao exterior para sermos máis e mellores. É o universalismo galeguista que debería ser o noso pan de cada día, a nosa biblia en tempos de mundialización.


Tobío fixo unha achega singular ao galeguismo que o confirmará para sempre como unha das súas figuras máis sobranceiras. Cando o galeguismo republicano no exilio, encabezado por Castelao, pretende criar un organismo de dereito público que fose depositario da legalidade autonómica dimanada do plebiscito de 1936, Tobío suxire, nunha entrevista mantida con Castelao en Montevideo, en 1944, a proclamación do Consello de Galiza como ente fideico-

sen o seu compromiso cívico a prol dunha sociedade na que reverdezan os idearios de liberdade e de xustiza.

O universalismo de Tobío foi esencialmente político e cultural, fundamentado na firme convicción de que non se trataba de erguer valados senón de cultivar o noso xardín, explicaba, na que se dan flores distintas ás doutros, pero todas para enriquecemento da vida de toda a humanidade. Nada máis afastado, pois, desas ideas hoxe en voga de que os nacionalismos son un paso atrás, desestabilizadores, inviables, vencellados a proxectos autoritarios ou que van contra corrente.

Tobío e os galeguistas sempre estiveron abertos ao exterior, no que pensaban que podían atopar exemplo e axuda, fuxindo da reclusión e a introversión que os podía levar a converterse en nacionalismos de campanario por un exceso de purismo. Esa atención ao exterior será un factor ao que sempre prestará atención, actuando como un ingrediente natural das súas preocupacións máis esenciais. Para Tobío, por exemplo, a consolidación do Seminario de Estudos Galegos resultaría inseparable do establecemento de relacións e vencellos fraternais con outras entidades semellantes de España e de fóra; ou é incapaz de imaxinar 'El Pueblo Gallego' que Portela Valladares quería converter no primeiro xornal de Galicia se non é o mellor informado "en cousas da casa e de fóra". Ao longo da súa vida, esa preocupación estará presente e acabará sendo o seu *modus vivendi* natural.

E non se trata dunha atención aos fenómenos políticos con carácter exclusivo, aos conflitos e tendencias internacionais de todo un século, senón que o universalismo de Tobío incorpora un enorme peso cultural. A súa sensibilidade neste aspecto é merecedora de destaque. Esa atracción por outras culturas é experimentada dende os anos mozos, nas súas lecturas de Montaigne e outros autores románticos e



Tobío con Ramón Villares, no centro, e Isaac Díaz Pardo nas instalacións do IGI (Instituto Galego de Información) en Compostela

misario da vontade autonómica popular galega, podendo a partir de entón a nosa Terra aparecer a carón dos gobernos autonómicos plenos de Catalunya e Euzkadi, agrupando aos nosos deputados no exilio. O Consello de Galiza sería presentado en Montevideo o 30 de xuño de 1945. Castelao sería o seu Presidente e nesa condición pasaría a formar parte do goberno da República que se constituíu en París, presidido por Giral.


A segunda achega de gran valor cualitativo de Tobío ten que ver coa publicación da primeira Historia de Galicia. Castelao, no leito de morte, pídelle a Manuel Puente que promova a redacción e publicación dunha Historia de Galicia que ía dirixir Otero Pedrayo. Tobío é quen fai posible, en derradeiro termo, a edición dos dous primeiros volumes desta importantísima obra, poñendo orde e entusiasmo entre tanta vontade e xenerosidade. Otero Pedrayo, con quen traballou en estreito contacto, chegou a cualificar o labor de Tobío como un modelo de traballo, e a obra resultante, algo certamente sen precedentes.

A terceira grande achega de Tobío ten que ver coa decisión do Consello de Galiza de convocar o Primeiro Congreso da Emigración Galega, que se celebrará en Bos Aires entre o 21 e 31 de xullo de 1956. Tobío desenvolve un enorme labor para a digna realización deste evento, favorecendo, coa súa habilidade diplomática, o encontro de vontades no plano político, non sempre doado, e redactando o Manifesto, o Temario e o Regulamento deste encontro, documentos todos eles de carácter básico, e por iso mesmo confiados a quen non podía defraudalos. Lois Tobío non foi un diplomático de costas a Galicia, senón un universalista e galeguista, incompleto e inimaxinable

malditos que o introducirán na literatura francesa que tanto amará e á que tanto lle debe, asegura el mesmo, en formación e gozo. O seu seguimento activo da vida cultural en todas as cidades e lugares onde viviu, de Europa a América, de Berlín a Montevideo, acrecentaron esa ampla cosmovisión capaz de unir e relacionar a Van Gogh e Castelao, de apreciar o alleo valorando o propio na súa xusta medida, sen estridencias nin excesos de signo ningún.

Política, cultura; o propio e o alleo, non funcionan en Tobío coma mundos separados por barreiras infranqueables. Quizais por iso sempre admirou, por exemplo, ese loable costume, moí ao uso nos países latinoamericanos, de enviar a poetas e escritores como embaixadores ou cónsules a terceiros países. É perfectamente comprensible pois, que o amor e devoción que sente por Galicia non sexa obstáculo para impregnarse doutras culturas e realizar, de Rilke a Brecht pasando por Goethe e tantos outros, magníficas traducións, moitas delas premiadas e amplamente recoñecidas, algunhas directamente ao galego; "porque a nosa lingua se presta para verter nela os máis delicados matices doutras máis traballadas como instrumento literario", escribiu nunha ocasión; ou mesmo abrigar a xenerosidade suficiente como para ser un devoto amante da arte e da cultura bizantinas.

O compromiso galeguista e universalista de Tobío, de quen quixo e soubo exercer de galego por ese mundo adiante que voluntaria e involuntariamente debeu percorrer, é o dunha voz políglota e singular que precisamos reivindicar e divulgar para que o seu alento nobre e cosmopolita permaneza para sempre entre nós. Para sermos nós.



En Sargadelos, 1993, con Díaz-Fierros

Galicia para Lois

Constanza Tobío Soler

Desde pequena, España era para min un lugar afastado ó que, sen embargo, pertenciamos e algún día volveríamos. Galicia, en cambio, era algo moito máis próximo. Se tivese daquela que situala no mapa mundi dubidaría, pero probablemente caería, alomenos en parte, polo Río da Prata. Quizais ó outro lado da banda oriental, en Bos Aires, a onde o meu pai ía de vez en cando a conferencias ou congresos relacionados con Galicia, ás veces acompañado polo resto da familia. Galicia eran tamén as filloas que acostumaba facer a miña nai coa receita da tía María, a muller dun dos cinco tíos de Viveiro emigrados a América e que recalara no Uruguai. Galicia era o nome do meu pai, Lois, que era como sempre a miña nai –que non era galega, senón catalana– o chamaba.

Galicia eran tamén cousas máis prosaicas como o Banco de Galicia ou o Centro Galego: a hipoteca que nos permitiu mercar a casa de Carrasco, seguros e hospitais. E, por suposto, os amigos, os Baltar, os Valenzuela, Canabal, Seoane, Nóvoa, Pepe Suárez... Galicia foi, por fin, o destino dunha longa viaxe, pouco despois de volver, nun flamante Seat 1500 que a partir de León íase parando constantemente nas curvas detrás dos carros cuxo canto Lois facíanos escoitar con deleite. Pero, ¿que era Galicia para o meu pai? Nunca nolo dixo directamente, quizais pola súa forma de ser pouco dada á exteriorización do máis íntimo ou quizais porque a relación coa súa terra se situaba no ámbito do evidente que non require máis aclaración. Poderíamos tentar responder a través da presenza de Galicia nos distintos aspectos da súa vida, unha vida polifacética na que se dedicou á ciencia política, exerceu como diplomático de carreira, traballou como xornalista, traductor, profesor, publicista e mesmo foi tenente de artillería durante a guerra civil. E todo iso en diversos países e lugares: Santiago, Berlín, Madrid, Bulgaria, A Habana, México, Montevideo. Nesa vida viaxeira e cambiante, non sempre por vontade propia, Galicia é o que permanece, o que sempre volve e o que dá sentido ó que fai. A súa formación teórica como politólogo concretárase na redacción do Anteproxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia de 1931, xunto con Carballo Calero e outros. A súa actividade como diplomático aproxímanos ó Conde Gondomar, para quen chegará a sentir unha afinidade moi especial despois de vintecinco anos dedicado ó estudio da súa persoa e do papel que desempeñou nas difíciles relacións hispano-inglesas do século XVII. Se a tradución, en especial do alemán ó castelán, é o principio un traballo duro ó que se dedica nos primeiros tempos do desterro, compaxinándoo coas crónicas de política internacional para o periódico uruguaio 'El Día', pronto a versión de poesía ó galego (Ronsard, Villon, Rilke, Brecht, Goethe) converterase nunha actividade que manterá toda a súa vida, fonte para el de enorme pracer, á vez que cargada de intencionalidade en canto achegue á cultura galega. A actitude do meu pai para o traballo no galeguismo era de dispoñibilidade para o que fose necesario en cada momento, cun forte sentido de participación nun proceso colectivo para "restaurar a vella casa común" como di o final de 'As Décadas', as súas memorias. Por iso se encargou de tarefas tan diversas no Consello de Galiza, no Congreso da Emigración do 56 ou na edición da monumental 'Historia de Galiza' de Otero Pedrayo, moitas delas cunha forte compoñente de organización, estruturación e mediación, para as que tanto a súa capacidade como o seu talento eran especialmente adecuados. El acostumaba dicir que ó longo da súa vida lle tocara ser secretario de máis de vinte organismos diferentes. Galicia era, ademais, a lingua na que se expresaba para si mesmo, a lingua que aprendeu coa súa nai, coas tías e as avoas, cos seus compañeiros de xogos da infancia no barrio da peixe en Viveiro. Unha lingua transmitida máis por vía matrilíngua, porque co pai, Luis Tobío Campos, poeta en galego e mestre, sempre falou en castelán polo temor daquel ó obstáculo que puidese supor para a formación dos seus fillos un insuficiente coñecemento desta lingua. En galego escribiu Lois para Melu, a miña nai, un soneto, datado en xaneiro do 39 en Barcelona, pouco antes de saír de España e pouco despois de coñecerla. "...Benignamente, d'umiltá vestuta"

Levemente, en silencio, vagarosa,
 o teu corpo lanzal, outa bandeira,
 viñeches onda min, maíña, senlleira,
 ao vento a cabeleira romorosa.

Un perfume sutil de inxela rosa
 arumou a miña alma ventureira
 e unha bris donda, queda, silandeira
 acarexoume a fronte, piedosa.

Do túrbido balbordo, fero e escuro
 surtín âs augas do teu craro rego
 a ouvir seu cantigar, sereo e puro.

Ou ledicia inefable en que me anego.
 Amiga iboa amiga, doce amiga,
 deita para sempre en min o teu socego!

L. T. traductor o universo para o galego

Marga Romero

Existía un proxecto de país, forzas e capacidades para logralo. Foi un soño palpábel unha vez, antes do fascismo, viviuse unha etapa de esperanza coa República. Horas de traballo, de racionalismo, de ilustración formaron unha intelixencia galega sen complexos. Irmandades da Fala, Xeración Nós, a rebelión dos novecentistas e o labor conxunto do Seminario de Estudos Galegos. Daquela Europa era a meta, era o mundo e o universo. Daquela Galiza era unha célula dentro desa universalidade. Identidade propia que se construíra desde esa ilustre razón, en harmonía cos demais pobos do mundo. Un mozo de pouco máis de vinte anos, Lois Tobío, sabe da fala dos camiños coma Martiño Dumbriá que devala polas páxinas de Otero, sabe que limpar o po das pedras que tamén falan, dos nomes da terra e das cantigas da xente –ensinanza de ver e oír que lle aprendera o seu pai– non é para converter a identidade nun museo etnográfico; sabe coma Dieste ou coma Maside que o propio vivífcase co paso dos días, achegando unha luciña á luminosidade universal.

O folclorismo estático produce esclerose, esa que coñeceríamos no franquismo. Ese mozo Tobío cun don excepcional para a aprendizaxe das linguas levará, pensionado pola Junta para Ampliación de Estudios, na súa equipaxe a estima do propio que lle permite amar o alleo, o que vai descubrir co seu ver e oír tolerante, que fará que se emocione descubrindo a semellanza do diferente. E alá vai formado en dereito en Compostela adentrándose na universidade alemana, onde máis dunha vez, dotará de identidade real á Galiza, explicándoa, facéndoa tanxibel como a lámpada que alumea os lugares que o Don Bernaldo de Arredor de si lle descubría ao seu sobriño Adrián ubicados no mapa de Fontán.

Lois Tobío xa aprendera de Adrián e facía real o soño de chegar a Europa, en 1929, cando Otero aínda era o novelista de 'Os camiños da vida', sen deterse en Madrid. Tobío adiantábase na descuberta ao novelista. Cuxhaven na entrada do Elba, a emoción do porto de Hamburgo con barcos apiñados, moitos deles irían camiño de América con parada nos portos da Coruña e de Vigo. De seguido Berlín un cuarto en Charlottenburg, nunha casa levada por unha xudía divorciada que lle buscara F. Fernández Armesto e onde toparía con Francisco Ayala. O mundo do dereito, ao que se entregaba, colaboraba ben co Romanisches Seminar e a través de Armesto coñecerá os profesores e a Margot Sponer que realizaba estudos sobre o galego.

O mozo fundador do Seminario de Estudos Galegos, fala da cultura de Galiza e recita entre outras cousas 'A campana de Anllóns'. En 1931 o profesor Gamillscheg falará en Compostela da toponimia xermánica da que era especialista, construíndo unha ponte pola que entrarían anos máis tarde o Profesor Piel e o seu discípulo o Profesor Kremer, director do Galicien Zentrum da Universidade de Tréveris. Berlín descóbrelle o éxito de Brecht e de Weill, da revolución tea-

tral de Piscator, do cine de Eisenstein e da maxia de Marlene que o engaiolou co Der blaue Engel, da pintura de Georg Grosz, de quen mercaría un álbum con producións para levarlle a Seoane. Descubriría novas artes para a erótica e, sen complexos nin atavismos morais, visitou 'El Dorado', un cabaret de homosexuais masculino, e o 'Dorian Gray' de ambientelés-bico. Visitaba o Wannsee, a praia berlinesa sen "pudor" da que el gostaba e que escandalizaba a Vicente Risco, a quen tivo que soportar nun Berlín no que non comprendía nada, el que viñera a estudar etnografía. Nesta Alemaña namorárase de Elisabeth.

Tobío nas súas 'Décadas de T. L.' fala da súa estancia en Alemaña, como faría despois do seu tempo en Bulgaria, sen caer en estereotipos como fixeron Risco ou Camba. Tobío fixo o intento louvável e respetábel de integrarse no Berlín que lle tocou vivir e en todos os espazos que habitou, sen deixar de ser el, sen complexos. Sabía que as relacións entre os pobos deben ser recíprocas, darse, aprenderse. Sabía que nese proxecto que existía, a creación da identidade de Galiza, a legalización desa identidade, tiña por forza que ser tamén lingüística, xa que era a lingua o instrumento que el manexaba para acrecentar o seu saber. Unha das primeiras cousas que constatou na universidade alemana cando asistiu ás aulas do seu sempre admirado profesor Hermann Heller, era algo que xa traía na súa valixa, que a cultura era a inserción dos fins humanos na natureza.

É Heller quen diferencia entre cultura subxectiva e obxectiva (ben cultural) para, na miña apurada análise, demostrarlle que só existe a cultura subxectiva. Todos os ben culturais, cultura obxectiva, só son posibilidade de cultura. Le Tobío na obra de Heller que os estados non poden renunciar á utilización dos poderes espirituais para os seus fins. A lingua, a literatura, a música e as artes plásticas obran no proveito do poder político.

O proxecto iniciado polas Irmandades facíase real co Seminario de Estudos Galegos que trataba, precisamente, de darlle corpo a esa comunidade con identidade que era Galiza e na que o labor creativo dos novecentistas obraba no proveito do poder político. Despois do golpe de estado, o diplomático republicano, que estivera vivindo en Sofía, que dominaba perfectamente, inglés, francés, italiano, portugués, búlgaro e alemán, permaneceu fiel á República e, despois de soldado, derrotado iniciou o exilio, esa illa á que se chega con diversas táboas do naufragio. Cada táboa é a esperanza salvadora de traballar, aínda, polo bo proveito. Sobrevivir como individuo e manter viva a identidade dunha comunidade escaçada en táboas. Do Nova York de Castelao, vai con M^a del Carmen Soler a súa compañeira, para a Habana, alí con Rubia Barcia, colabora na creación da 'Escuela libre da Habana' e alí soubo que Hermann Heller publicara o seu libro 'Staatslehre' en Holanda e fíxose cun exemplar que se puxo a traducir ao español para publicar na Biblioteca da Universidade.

Tobío comezaba deste xeito o seu labor como traductor que lle habería de axudar a sobrevivir como individuo e e que mantería viva a súa loita contra a opresión que se facía con horror dona de Europa. Despois da Habana o exilio continuou en México, alí traballou no Instituto hispano-mexicano Ruíz de Alarcón para establecerse, finalmente, en Montevideo.

Non vou falar do Tobío que axudou a arrombar a casa en mans alleas desde o seu labor como creador do fideicomisariado do Consello de Galiza, das súas audicións radiais de 'Sempre en Galiza', da súa entrega para a publicación da 'Xeografía de Galicia', do seu papel no Congreso da Emigración. Non me vou deter no Tobío pai que logrou arranxar a economía familiar co seu labor no xornal 'El Día' e despois gracias aos seus coñecementos de alemán que lle permitiron entrar a traballar na casa de produtos farmacéuticos La Roche. Vou determe no Lois Tobío constructor de pontes entre culturas, no traductor.

O labor de Tobío como traductor é vixente, recentemente publicouse 'Oid', alemanes (edt. Península), que son os discursos de T. Mann contra o nazismo, os discursos do escritor exiliado en EEUU que se facía oír a través da BBC de Londres clandestinamente en Alemaña, desde 1940 a 1945. O escritor denuncia e cre firmemente na derrota de Hitler.

O traductor Tobío tamén exiliado que publicara na Editorial Nova estes discursos é o loitador que se apodera das palabras de Mann para facelas súas e condenar o fascismo, para mostrar ese rexetamento contra unha guerra que puido evitarse. (Libro que lles recomendo pola actualidade que aínda teñen eses discursos).

Cando fai a versión de 'Teoría del estado' de Hermann Heller (México, FCE, 1942) non presentía Lois Tobío o éxito deste libro manual indispensable aínda hoxe nos estudos de dereito, que leva máis de vinte reimpresións, e que nunca lle foron pagadas nin re-

moitas edicións e que é considerada á mellor feita en español.

Do escritor de Ohio, James Purdy, de moita actualidade naquel momento, traduciu Malcolm (1963) e The Nephew (1962). Todas as traducións de Tobío son recoñecidas, tiveron moi boa acollida pola crítica e, polo menos en dúas ocasións, un Club del Libro, do que formaban parte entre outras persoas V. Ocampo, Bioy Casares e Borges, recomendaron o libro dos discursos de T. Mann e o de Roeder.

Non esquecemos o Tobío que buscaba obrar no proveito do poder político como traductor e que contribuíu a darlle á lingua galega moitas primaveras. No ano 1949 a editorial Alborada de Bos Aires publica para o galego traducións desde o inglés e o francés obra de Plácido Castro, Delgado Gurriarán e Lois Tobío. Daquela en Galiza Blanco Freijeiro e Celso Emilio Ferreiro, enrolados na Burla Negra da colección Benito Soto, haberían de poñer fin á piratería literaria duns mozos como Sabino Torres, coa súa Musa Alemá que demostraba á dictadura que o galego era unha lingua acta para a literatura máis universal.

Tobío regresa a Barcelona, Madrid, algunha viaxe a Galiza, para asentarse en Madrid, nun exilio máis próximo. É cando o diplomático entra en relación con outro gran diplomático da nosa historia, co que chega a levarse tan ben que racha os límites do tempo para viaxar ao seu Pazo, é o Conde de Gondomar, mais isto é outra historia fundamental e fermosa que deixo para outra ocasión.

Cando en 1929 chegara a Berlín faise con libros que o acompañarán sempre, tanto que os vai facer universalmente galegos, 'Os sonetos a Orfeu' (Edicións do Castro, 1980) e ás elexías de Duino, versión de Tobío pendente de publicación, cando xa contamos coa excelente de Jaime Santoro (Espiral Maior, 1995). Para o traductor estas Elexías supoñen o cumio da paisaxe poética de Rilke no seu proceso de



Imaxe da exilio en Montevideo, 1940. No piso da rúa Galicia, recién instalados

coñecidas como é debido ao traductor. Curiosamente a ignorancia, consciente e buscada pola amnesia histórica, fai que Tobío sexa coñecido no mundo do dereito, unicamente como o traductor de Heller e, no mellor dos casos, como un diplomático intermitente. Con esta tradución rendía homenaxe ao seu profesor en Berlín, xudeu, duramente perseguido polo nazismo.

É moi longa a nómina de galegos que verteron obras da literatura alemana ao español, por exemplo foi Ramón de la Sagra quen achega a filosofía de Kant. As versións ao español, desde o inglés ou o alemán, feitas por Lois Tobío enténdense dentro do mundo editorial arxentino e para un público español falante, elas contribuían á economía do xornalista e colaborou coa Editorial Sudamericana. De Will Durant traduciu 'The Life of Greece', unha historia universal da que despois traduciría o volume dedicado a Roma.


Falaba Tobío da axuda de Melu, a súa muller, grande coñecedora da mitoloxía e tamén escritora. Hoxe figuran baixo a súa responsabilidade versións que aínda se comercializan de 'La juventud de del Rey Enrique IV' e 'La madurez de Enrique IV' de Heinrich Mann. Desde o seu exilio e a dor, traducir permitíalle evadirse dunha realidade europea que non lle gustaba, somerxerse no Renacemento para traducir unha evocación do home de esa época feita por Ralph Roeder tiña un labor, amais de cultural, tamen terapéutico semellante aos estudos matemáticos dos que precisou Dieste para poñer a súa cabeza en orde.

O traductor lamentábase dese pasado para volver crer na humanidade. De Hermann Hesse achamos hoxe a súa versión de Narziss und Goldmund, que ten

creación, que se caracterizan polo predominio do musical sobre o visual. Sabía o traductor-traidor que moitas veces os xogos verbais rilkeanos, o soar dos versos, son imposíbeis de transmitir. Sabía que había que termar do verso "para que non se magoe". Para Tobío, Rilke era o poeta e había que ter respecto por ese altísimo poeta.

En 1932 Otero Pedrayo ditaba unha conferencia 'En lembranza de Goethe' e achegaba algúns anacos do Fausto, Tobío teimoso e feliz en Madrid, conclúe o traballo oteriano, labor que lle leva sesenta anos, máis ou menos como a Goethe, e para poñerlle o ramo publícase 'Fausto', (Ed. Laiovento, 1997) en verso como no orixinal, que obtería o Primeiro Premio Plácido Castro de Traducción, que compartiría con outro grande traductor, Valentín Arias. Necesitaba con este drama traer ao galego todas as penalidades e esperanzas do home, facer nosa a Margarida necesaria para turrar de nós cara ó alto.

Pensando nos seus amigos Fernando de Valenzuela e Mariví Villaverde creu oportuno trasladar ao mundo galego á 'Nai Coraxe' de Bertolt Brecht, velai ao Tobío-Brecht que desexa denunciar que todas as guerras son a repetición dunha mesma guerra, a miseria e os intereses "semicultos" que a provocan. No prólogo que escribe para Nai Coraxe e mais os seus fillos (Edicións do Castro, 1987) lemos: "A idea que latexa no cerne é que a realidade desmente en moitos casos o que nos semella obvio, os tópicos, os conceptos comúns". Non se poden predicir os efectos dun acto. Hai agora un acto o derradeiro acto como cidadán de Lois Tobío foi asinar contra a guerra de Iraq. O traductor segue facendo florecen as culturas que amaba.



Madrid, 1979. Con Celso Emilio Ferreiro, e Castro Arines na exposición en homenaxe ó SEG en Sargadelos

Tobío e o Seminario de Estudos Galegos

Alfonso Mato

Esta historia comeza no outono de 1923, cando Miguel Primo de Rivera, capitán xeneral de Cataluña, acolléndose á exitosa metodoloxía política nacional do golpe de Estado, se sublevou en Barcelona e iniciou, sen oposición e coa simpatía da maioría da opinión pública, a súa Dictadura Militar en España e por España. Por entón, Lois Tobío Fernández, natural de Viveiro e veciño de Santiago, contaba 17 anos e logo de rematar primeiro de Filosofía y Letras decidía seguir os estudos de Dereito. Tobío pertencía a ese grupo sempiterno e minoritario de estudantes que, sen esquecerse dos estudos e da diversión, teñen inquiredanzas literarias, artísticas e de estudo e investigación, para as que procuran consolo fóra das aulas.

Campos, mestre e admirador das ideas de Giner de los Ríos e da Institución Libre de Enseñanza, ademais de poeta, estudioso da historia e do folclore e membro da Academia Galega. Foi nese outono de 1923, recién estreado o réxime militar, cando Tobío e outros oito minoritarios, entre os que se contaban nomes que logo acadarían sona na cultura galega, como Xosé Filgueira Valverde, Fermín Bouza Brey ou Ramón Martínez López, decidiron fundar o Seminario de Estudos Galegos (SEG), unha institución científico-cultural ligada á Universidade que no seus 13 anos de vida aglutinou un bo número de estudantes e profesores universitarios, sobre todo da recién creada licenciatura de Historia, na Facultade de Filosofía e Letras, ós intelectuais máis sobranceiros do movemento galeguista e a boa parte dos membros dos cenáculos eruditos de Galicia. Unha institución que pertence á árbore xenealóxica da Institución Libre de Enseñanza, que inspirou as mellores empresas culturais da España do primeiro tercio do século XX, como a Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas (1907), o Institut d'Estudis Catalans (1907) ou a Residencia de Estudiantes (1910). A relación de Tobío co Seminario foi moi estreita, sobre todo, durante os catro primeiros anos, os que coinciden cos seus estudos da licenciatura de Dereito. Neste tempo, Tobío foi secretario de actas e un dos socios máis activos da institución. Coremate da carreira, finalizou a súa vida de estudante, a súa –“primeira xuventude”– así lle chama nas memorias –, e con ela o tempo libre para dedicarse de cheo ós labores do Seminario, mais tamén ás tertulias de literatura, arte e política no Café Español, ás audicións musicais, ás lecturas públicas de obras inéditas dos escritores mozos, e ás privadas, nas que frecuentaba desde os novelistas rusos e os poetas malditos franceses ata a obra de Spengler.

A pesar das súas novas ocupacións, axudante da cátedra de Dereito Administrativo, cumprimento do servizo militar, Tobío continuou asistindo ás sesións do Seminario e incluso participou en algunha das xornadas de traballo interdisciplinar que os membros das distintas áreas científicas realizaron polas comarcas de Galicia e que supuxeron a superación do excursionismo cultural. Mesmo no curso que pasou en Berlín como pensionado (1929-1930), Tobío realizou tarefas para o Seminario, iniciando os contactos e o intercambio de publicacións co Romanisches Seminar –pouco despois, varios membros desta institución universitaria alemana visitarán o SEG e darán conferencias na Universidade de Santiago.

Logo da proclamación da IIª República e co o Seminario instalado na planta baixa do Colexio de Fonseca, Tobío pasou a formar parte do Consello Director do SEG e a dirixir a Sección de Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas. Á fronte desta Sección realizou o seu traballo máis importante, tanto para o Seminario como para a sociedade galega: a elaboración e redacción do 'Anteproyecto de Estatuto da Galiza', que se imprimiu o 6 de maio de 1931 e foi presentado na Asemblea pro-Estatuto celebrada na Coruña o 4 de xuño do mesmo ano. Aínda que o Anteproxecto aparece asinado por Valentín Paz-Andrade, Vicente Risco, Alexandre Bóveda, Lois Tobío e Ricardo Carballo Calero, sabemos que a redacción foi obra exclusiva dos dous últimos. Coa súa incorporación á carreira diplomática en novembro de 1933, con destino á capital de Bulgaria, Tobío abandonou as súas tarefas no Seminario. En xullo de 1936, é ben sabido, chegaron os bárbaros. O Seminario foi prohibido e os seus bens incautados polas autoridades do novo réxime. Tobío, como tantos outros, foi condenado á amargura do exilio e, logo, no retorno, a descubrir con tristeza un país no que xa nada lle pertencía –así se expresaba nunha entrevista concedida en 1991. Mais a pesar da decepción e do cativo recoñecemento que lle ofreceu unha sociedade desmemoriada por 40 anos de franquismo, aínda tivo folgos e ilusión para participar en 1979 na restauración do Seminario de Estudos Galegos, que presidiu ata a súa morte.

Coda. En 1995, co gallo da celebración do quinto centenario da Universidade de Santiago, colocouse unha plaquiña na fachada da por entón sede do Instituto Padre Sarmiento, na que se indica que aqueles locais foran a sede do Seminario entre 1930 e 1936. Aínda non pasaran 60 anos da desaparición do SEG, e as autoridades académicas xa esqueceran que a sede do SEG nunca estivo no edificio que acolleu o Instituto Padre Sarmiento desde os anos corenta, senón nos locais que o Ministerio e a propia Universidade lle cedera no outono de 1930 nos baixos do Colexio de Fonseca. Xa sei que a Universidade compostelá non anda sobrada de cartos, pero non creo que fagan falta moitos para cambiar unhas plaquiñas e reparar así un dos tantos erros produto do proceso de desmemorización que con tanto éxito levou a cabo o franquismo. Sería todo un detalle agora que se cumpren 25 anos da refundación da institución que presidiu Lois Tobío.



Na súa formación preuniversitaria, segundo conta nas súas interesantes memorias ('As décadas de T.L.',



Edicións do Castro: Sada-A Coruña, 1994), influíron en lecturas na biblioteca paterna e as pequenas



excursións didácticas polos arredores da cidade, nas que recibía o maxisterio do seu pai, Lois Tobío



Xa vai alá un ano dende que Tobío nos deixou, xa un ano dende a quentura da súa amizade, sen a presenza da súa humanidade. "A vella casa común", como el dicía, débelle moito. A súa vida, longa e incansable, foi o cumio das responsabilidades que foi asumindo a través dela, responsabilidades que tiñan que ver sempre coa súa terra. Despois do familiar traslado a Santiago dende o seu Viveiro natal, por mor de continuar alí os seus estudos, e unha vez que rematara o bacharelato e comezara o seu periplo universitario, foi dos que con grande afán concebiron o embrión do Seminario de Estudos Galegos. As aulas universitarias da Facultade de Historia, foran as que deron acollida a esas xuntanzas. Eran pouco máis que un fato de rapaces chos de inqedanzas, con ansias de investigar e ensaiar a cultura e

A dimensión humana de L. T

r d l | 15
Galicia Hoxe 15/03/04

Mariví Villaverde

realidade galegas, conseguindo tamén a colaboración de máis dun profesor. Tobío na súa función de secretario, participaba cun entusiasmo adoutrinador. Pronto o Seminario conseguiu a adhesión da xente da cultura de toda Galicia e convertiuse no reflexo dun pulo imparabile que tiña que remontar anos de pasividade e desgana. A chegada da República insuflou un entusiasmo incontible, un afán de transmitir ó pobo as vantaxes do novo réxime, así como de preparar un anteproxecto de estatuto; logo formouse un grupo de traballo con ese fin, e naturalmente Tobío, como Bóveda, participaron nel xunto con Carballo Calero, Paz Andrade e Risco. Continuou esta etapa de ilusións. Fundouse oficialmente o Partido Galeguista e Tobío foi nomeado membro do Conxello Executivo. Unha vez rematada a carreira e logo de exercer como profesor de historia do dereito, presentouse a unhas oposicións á Carreira Diplomática, que gañou con moi boa puntuación e de aí o seu traslado a Sofía ó ser nomeado secretario desa Legación.

Tobío perante esa estancia europea, así coma unha anterior con residencia en Alemaña, previa ó nazismo, acaprou unha serie de experiencias, de coñecementos dun mundo novo, dunha cultura rica que profundizou a súa bagaxe intelectual, formandoo con maior fondura e tamén cunha sensibilidade máis perceptora e mais espiritual.


Todo ese sono de tantos, foi quebrado pola ruptura violenta e implacable que supuxo a guerra incivil. El, coma sempre asumiu a súa responsabilidade coa República e púxose ó seu dispor. Cumpreu con lealdade e sabencia tódolos encargos que o Goberno lle encomendou, tanto no estranxeiro como logo de volta a zona republicana. Rematada a guerra salíu coma un exiliado máis na compañía de Maricarmen, a súa muller, coa que casou en Barcelona, poucos días antes de emprender o camiño do desterro. O Exilio, fai máis fondos os sentimentos. Son moitas as situacións a compartir e sobre todo está ese inmenso amor á Terra que se perdeu, e ese afán de facer por ela o que está ó noso alcance. Deses sentimentos fondos, os Tobío e mais nós, soubemos moito, por eso a nosa amizade perdurou anos e anos prolongándose nos fillos.

Ó vran pasado asistín con outras xentes ós trascendentes momentos de lanzar as súas cinzas ó mar de Viveiro, tantas voces disfrutando por el na súa infancia e adolescencia Constanza e Miguel despediron con moita serenidade a seu pai. Todos botámoslle as flores para que o acompañaran na súa derradeira viaxe. Deixounos moitas cousas, e mais especialmente a lembranza da súa fe. "Foi fermoso vivir coa ilusión de estar restaurando a vella casa común". E deixounos o seu fermoso libro 'As Décadas de TL'. Penso que merece ser ido por tódolos galegos que nel poderían coñecer etapas históricas do noso país, escritas con auténtica paixón literaria e absoluta fidelidade. "Agora, vendo con gozo como segue a traballar e loitar a xente moza na mesma dirección a que sinalaran os nosos devanceiros, paso os anos finais da miña vida a observar o que pasa ó meu arredor e no mundo, agradecido ó destino que me ten concedido completar o ciclo da vida". Foi unha vida chea de entrega, de entusiasmo e amor.

18 / MARZO DE 2004 - NÚMERO 507

r d l

REVISTA
DAS
LETRAS




2 | **r d l**
Galicia Hoxe 18/03/04



A última de Willamburg (1990).

Ceci n'est pas un vrai surréalisme. Leiro 1975-2000

“Pensei dividir a exposición en sete grupos de esculturas. En cada un deles inclúo pezas antigas e obras máis recentes que dalgún xeito teñen que ver con elas. A miña idea é pór dous grupos en cada sala e nunha tres. Moitas pezas son pequenas e practicamente non ocupan espacio ningún. En moitos casos esta a miña primeira obra surrealista serve de referencia para explicar certos aspectos da miña obra posterior”. Nestes termos dirixíase Francisco Leiro (Cambados, 1957) á responsable da Fundación Granell, Natalia Fernández, na xesta da preparación dunha antoloxía que dende onte acolle o centro do surrealismo en Compostela. Levaba tempo o escultor –que acaba de mercar casa en Santiago e arrastra anos nun ir e vir de Nova York a Galicia– coa ilusión de mostrar a súa nova obra nunha especie de viaxe cara a atrás. Unha revisión que reta agora á crítica que o foi etiquetando de expresionista, realista.... ¿Surrealista? .‘Ceci n'est pas un vrai surréalisme’ si-túase no diálogo entre a recuperación de tradicións artesanais populares e a modernidade industrial dos materiais. Obras cheas de enerxía e forza expresiva que ocultan unha meditada reflexión sobre a escultura.



Leiro no seu taller

De viaxe á raíz

Leiro en Leiro

A xulgar por algunha das súas pezas non parecen gustarlle moito a Leiro os críticos de arte. Escúlpeos, asignándolles papeis ridículos –como en ‘Crítico chapando’ ou ‘Míster Spain’, unha das obras expostas na Granell. Descríbea, apunta Santiago B. Olmo, “con ínfulas de modernidade e actualidade á última, desenvolvéndose torpe e dificultosamente nas situacións que marca o glamour artístico internacional”. Tras este aspecto conxuntural abrollan sen embargo, claves dun talante humorístico, sarcástico e irreverente, pouco compracente coas convencións, aguerrido, provocador e perturbador. Sobre textos da crítica subverte un perfil de Leiro: os Leiros en L.E.I.R.O; tra-los corpos das cousas, os mitos, os seus relatos entre a vida e as pantasma ou mesmo o debate de xénero.

L

leiro. (Francisco) iniciouse na escultura modelando figuras de pan no establecemento dos seus avós maternos. Pola outra rama da parentela, a do pai, tamén tería oportunidade de exercitarse, neste caso na talla, grazas á ebanistería familiar onde traballou durante algún tempo. Ademais, o avó paterno era tallista de tradición popular, e algunhas igrexas de Cambados conservan obras súas. Apuntemos estes breves rasgos biográficos co fin de dar a entender que o xove escultor medrou nun ambiente propicio para desenvolver a súa inclinación, e que o grande e nada doado de conseguir era dar o paso –para moitos imposible– da habilidade artesanal á verdadeira creación artística. Despois de traballar uns anos co granito e arriquecer a súa formación con estudos relacionados coas belas artes non son problemas, dado o persoalísimo modo de execución do estudante e a incompreensión e torpeza para captar os auténticos valores que aínda reinan en moitas escolas e academias da Península, Leiro entregouse ao traballo sobre madeira, desbastando el mesmo os toros e engadindo, na fase final do proceso, a policromía que acentúa os rasgos das súas esculturas e lles confire máis vida e enerxía, do mesmo xeito que os barcos e casas que o rodean remarcaban a súa presenza por medio da variada sinfonía de cor. Lémbrame, hai algún tempo, da impresión que recibín ao coñecer directamente unhas obras súas no estudo dun pintor galego en Madrid. Leiro era aquí practicamente un descoñecido, do que tiñamos referencia pola súa participación en Atlántica e pouco máis. Cando escribo estas liñas, nas vésperas da súa triple aparición na capital, Francisco Leiro é algo máis ca unha promesa, e os que están no medio sábano. O seu labor aparado, silencioso e rebelde, alimentado unicamente, pola súa propia seiva, vén converterse nunha das máis interesantes revelacións da nova escultura española, nunha importante realidade xa. A súa escultura figurativa non responde deliberadamente a modos internacionais no que facer tridimensional, senón que é produto exclusivo da investigación particular e reflexo das súas inxerencias persoais, ao mesmo tempo que resultado do dominio dun material que está ao alcance da súa man, a madeira, nesa Galiza que aínda conserva riqueza e variedade forestal, a pesar das ameazas que neste senso, se erguen contra dela e sobre as cales Rosalía de Castro lanzara unha primeira voz de alarma no século pasado. Castiñeiro, carballo, teixo, cerdeiras, nogueiras, e sobre todo piñeiro, son labrados por Leiro derivando en formas fundamentalmente humanas e animais. **(Aurora García)**

e


escultura. Ata que conseguiu liberarse dos principios técnicos e teóricos que a convertían nunha disciplina tendente á gran escala, ao diálogo directo coa arquitectura, á estrita vixilancia dos deuses, e á necesidade dun oficio técnico, manual incluso, a escultura foi sempre considerada unha práctica de madurez. No célebre texto no que Baudelaire



Olivia ten dúas cabezas. (1990)

'Jacobeo 93', 1991

6 | **r d l**
Galicia Hoxe 18/03/04



sinala os efectos que as súas dependencias técnicas exercen sobre os resultados estéticos ("Saída da época salvaxe, a escultura, no seu máis magnífico desenvolvemento, non é outra cousa que unha arte complementaria. Non se trata xa de tallar con industria figuras portátiles, senón de asociarse servilmente á pintura e a arquitectura e de servir as súas intencións. As catedrais soben cara ao ceo e enchen as mil profundidades do seu abismo con esculturas pintadas –notade ben isto– e cuxas cores puras e simples, pero dispostas nunha gama particular, harmonizan co resto e completan o efecto poético da grande obra. Versailles abriga ao seu pobo de estatuas baixo umbrías que lle serven de fondo ou baixo bosquiños de augas vivas que diversifican nelas os mil diamantes da luz. En todas as grandes épocas a escultura é un complemento; de principio a fin é unha arte illada"), desvélese, tal vez sen sabelo o propio autor, o programa que debían seguir os escultores para restarlle peso físico e –especialmente– conceptual á escultura. Basta con recordar as distintas reflexións que contribúen a baleirar de sentido o modelo escultórico clásico para comprobar cómo no século XX se produce un repaso –concienciado, despiadado e perverso– dos principios aceptados como básicos desde tempos remotos. Esta situación leva a revisar desde aquela a escultura partindo das súas fendas, dos seus momentos de verdadeira crise, en detrimento daqueles artistas que aínda lle dan validez a algúns principios clásicos, con independencia de que sexa para propor fórmulas de renovación ou provocar solucións irónicas. A lectura que habitualmente se fai dunha obra como a de Francisco Leiro vese afectada por esta situación. Resulta habitual comprobar que a súa imaxe inicial, a provocada polas obras datadas na primeira metade dos anos oitenta, tivo unha eficacia tal que poucos consideran convincente a súa revisión. Anque entre as obras que realiza

nos anos setenta atopamos trazos que aconsellan unha ollada atenta, é na década seguinte cando o nome de Francisco Leiro irrompe, dun xeito decidido, na escena artística española. (...) 1984 é, sen dúbida, un ano clave no coñecemento e despegue de Leiro. (Miguel Fernández-Cid)

ronía. O Hércules (1995) de Leiro é un xogador de béisbol, a maza que simboliza a súa forza convértese nun bate de béisbol; o único vestixio do león, que representa o valor intrépido deste heroe mitolóxico, é unha gadoupa cuberta de sangue. Mediante esta terxiversación sarcástica, Leiro burlase do ideal masculino da antigüidade. Leiro despreza tamén a femineidade mítica. O misterio da muller convértese nunha farsa nas súas 'Embozadas'. A capacidade de sedución e misterio que lles proporcionaba o feito de levar cuberto o rostro –o admirador masculino podía imaxinar a beleza que se lle antollara, que en realidade nunca vira– é ridiculizado dun modo cruel. Os rostros das embozadas contemporáneas de Leiro, igual que no pasado, están agochados. Os seus corpos, sen embargo, exhibíñense totalmente; nuns casos con vestidos axustados e noutro completamente espídos. Os corpos


non posúen atractivo ningún por mor do desmesurado tamaño dos seus peitos. Leiro suxire que o misterio da muller é simplemente unha cuestión de aparencia. Non hai nada inherentemente atractivo ou seductor no corpo da muller. Pola contra, é vulgar e grotesco; en non hai nada belo tras a máscara porque non hai rostro ningún, o que supón unha ironía aínda maior. En Desubicado (1996) a solitaria figura cunha cadeira na cabeza é unha imaxe da loucura derivada dos caprichos de Goya, o mesmo que as súas embozadas.

Semella que Leiro pretende atacar as mulleres. Sen embargo, as embozadas, a pesar do seu carácter irónico, seguen sendo fisicamente intimidadoras e ameazantes. A súa 'Afrodita' monumental, representa o poder da muller en contraste co home, como suxire a patética figura de Skewer (1997). Nesta dramática escultura, un espetón atravesado o corpo espido dun home. Non hai dúbida de que está a ser torturado e cociñado vivo, vítima da deusa do amor. Enganchado no amor, é destruído por el. O poder da muller sobre o home é evidente na súa escultura Tres (1996), un irónico menage à trois formado por un ancián, un mozo e unha muller negra que se interpón entre ambos. A falta de enerxía sexual no ancián é evidente, mentres que a postura acrobática do mozo suxire o oposto, a disposición e apetito para os xogos do amor. Anque a muller, seductora e perversa –a súa negrura suxire que se trata dunha Sucubo– dálle as costas ao ancián nunha clara mostra de preferencia, non parece que estea proporcionando pracer a ningún dos dous –a un dálle as costas e ao outro dálle a volta– como se quixera pór a súa vida enteira patas arriba. En resumo, enfronta a un home co outro e rise dos dous. Short Circuit II (1996) é explícita á hora de representar as dificultades entre o home e a muller: toda a electricidade entre eles non serve para nada. A conexión emocional racha: "curtocircuítese". O neno que conciben é a broma última; pero nestes tempos que corren moi ben podería ser producido artificialmente (In Vitro, 1995), aforrando unha morea de problemas emocionais e sexuais. Cada unha das esculturas de Leiro é unha viñeta irónica, unha posta en escea, unha representación epigramática do absurdo da condición hu-

mana. Trátase, esencialmente, de caricaturas. Polo menos desde Xuvenal, a relación entre o home e a muller, a batalla dos sexos, condúcenos á caricatura, é dicir, ao tratamento irónico, enmascarando a decepción e a rabia. Leiro amplía esta actitude de burla, que o leva a ridiculizar a humanidade como tal, como indican as figuras dos seus Anónimos. ¿Estamos daquela fronte a un caso de misoxinia e misantropía desde non hai saída posíbel? Penso que non. O seu enxeño e a súa ironía son unha válvula de escape, unha maneira de enxuizar o mundo. Especialmente o enxeño e a ironía que lle confire ás súas esculturas. Practicamente en todas elas atopamos elementos en discordia que interactúan entre eles, alterando o seu significado. (Donald Kuspit)

r

enovador. Nun momento en que a cultura cibernética, dos mass media, do environment e das instalacións se apropian do espacio –como xa anunciara Rosalind Krauss en 'Teoría do Campo Expandido'–, rexorde o debate proposto por Francisco Leiro trala revisión da súa obra, presentada en 2000 na exposición conxunta realizada entre o IVAM e CGAC. Intuitivo nas formas e no pensamento, comeza a traballar a finais dos setenta, cando a incerteza e indefinición se apropian de todos os campos: momentos difíciles na política, na economía, na sociedade, na cultura e tamén na arte. En Galicia tiñase claro que era o intre preciso de subir ó carro do que ocorría no resto do mundo. Deste xeito, atopamos o traballo de Francisco Leiro atrapado no medio da tradición familiar –cun avó ebanista e o pai canteiro– e da renovación artística traída da man dos neoexpresionistas alemáns e a Trans-



Algunhas das pezas, de pequeno tamaño, que Leiro instalou en vitrina na Fundación Granel

vanguardia italiana. ¿Expresionista? Quizais. Convidado á derradeira edición da mostra promovida grupo Atlántica en 1983, no Pazo Xelmírez de Santiago de Compostela, serviulle de trampolín para sucesivas exposicións de carácter nacional, como a realizada ó ano seguinte (1984), na desaparecida Galería Montenegro de Madrid, ó mesmo tempo que para recibir o cualificativo de 'atlántico' –cualificativo cuestionado por el mesmo na actualidade–. Na súa obra combina o traballo artesanal cun postulado teórico totalmente renovador. Retorna o encanto dunha terra cargada de simbolismo histórico e mitolóxico, pero cunha gran variedade de materiais. É coa pedra –o granito– coa que realiza os primeiros traballos, para explotar máis tarde todo o potencial expresivo da madeira. Pezas de grande envergadura –en piñeiro, sequoia, teixo ou castiñeiro– son traballadas dun xeito tan directo que semellan estaren talladas na mesma árbore. (M. Costa)

O

onírico. A obra de Leiro preséntase máis como un labirinto de opcións posibles e percorridos alternativos que como unha posta en escena de discursos visuais programados ou preconcebidos. O 'humor' é sen dúbida o fío condutor do disparatado e da imaxinación delirante que é capaz de precisar situacións contradictorias dunha psicoloxía cotiá. As pezas recorren á figuración para retorcer significados e acentuar as rupturas. Baixo o humor deslízase unha comprensión gozosa da vida e do corpo, que ten e esixe o seu tempo como complemento da visión trágica da vida. A 'traxedia' incide por outra parte nun intento de representación da morte como tormento do corpo. Na oposición e simultánea hibridación 'entre corpo e moble' hai unha serie de pezas que desenvolven a idea de artefacto útil e escultura que se transforma en corpo: as formas dos soporte que sosteñen un xamón (xamoneiro) dan pé a unha sorte de evolución do obxecto cara ó corpo ou o volume carnal, que conecta co animal e coa idea da figura reclinada. As pezas establecen un itinerario nunca liñan desde Jamonero (1987) a Pájara (1987), Jaibota (1987) e Androia (1987), onde o corpo se fai moble, hóspede ocasional ou anaco de carne susceptible de ser cortado como un xamón, pero en actitudes sempre vivas.

Este plantexamento trasládase con outras connotacións a outras pezas de carácter máis costumista como Mildreas (1987) ou Mildreas fala (1987), que inciden na postura reclinada e prosigue doutra forma na extensa serie de Pavas y Guajalotes (1993) que aparecen como paxaros-mobles ou incluso Rarear (2000), onde as figuras de corpos hieráticos deslízanse cara á unha noción volumétrica de armario. Un caso especial no desprazamento entre corpo e moble é Branca das neves (1996), que presenta, inspirándose no conto dos irmáns Grimm, unha brancaneves durmiente, espida e oculta no interior dun sarcófago branco, de aspecto marmóreo pero construído con pranchas de plástico como o que é empregado para cortar carne en carnicerías industriais. Uns orificios irregulares practicados nun dos lados do sarcófago permiten escudriñar o seu interior e para os máis atrevidos introducir a man como se se tratase de tocar unha milagreira reliquia: un corpo que é un obxecto de desexo tamén. (...) A causa da versatilidade da súa obra, e debido á espectacularidade das súas pezas, Leiro traballou o espazo público como un ensaio de monumentalidade fronte á cotidianidade: tal e como ocorre coas pezas de interior as pezas de carácter público buscan unha interrelación coa acción do espectador. Non pretenden tanto unha sorpresa como un cambio de perspectiva, unha aceptación de que a imaxinación pertence ó mundo real e o que se pode soñar tamén se pode facer. (Santiago B. Olmo)




Xan Quinto, (1983) unha das pezas máis coñecidas do Leiro de Atlántica

25 / MARZO DE 2004 - NÚMERO 507

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Lecturas



Boas novas

Os 'Métodos para afogar un cisne' de Serxio Iglesias

Xabier Cordal

'Métodos para afogar un cisne' é o título do poemario que publicou Edicións Positivas hai algo máis dun ano. O autor, nacido en 1966 no Palermo de Bos Aires, fíxose coruñés no barrio das Lagoas e está actualmente establecido en Corcubión. Serxio Iglesias, que fora premiado en certames e publicara textos por varias revistas durante a súa iniciación, presenta case vinte anos despois en 'Métodos para afogar un cisne' unha poética persoal e madura.

Tras uns comezos que lindaban coa indagación no eu lírico, a obra de Serxio Iglesias derivou axiña cara a resposta de escarnio que andaba a celebrar Ronseltz. Alí estivemos desde 1985 ata a súa disolución, comezados os noventa. Outros influixos configurábanse en formato multimedia: os videoclips de Reixa e de Villaverde, as cancións d'Os Resentidos, as de Radio Océano, os cadáveres exquisitos de Sid e Mary. Remataron os oitenta e a proposta festiva, a que el mesmo deitaba nos recitais e publicacións do grupo – unha escola de xofre contra as líricas febles do canon.

Serxio Iglesias quedou despois en longo silencio. Limitouse a observar, a ler e a descartar todo o que non lle achegaba nada novo tras o final de Ronseltz, o Unicornio que só ousara publicar Paco Macías. Fóra xa dos ambientes universitarios escolleu destino como profesor (aínda que ninguén fala, vai ti saber por qué, da 'Xeración do Ensino') e participou ocasionalmente nas reunións do Batallón Literario dos Villar e compañía. Mantívose a unha prudente e amigable distancia. Quixo vivir outra Costa da Morte, a das terminais nocturnas e as sombras que combaten o tedio: sexo, droga e rock and roll (versión Seattle, non San Francisco). En boa parte a biografía poética que é 'Métodos para afogar un cisne' cóntanos conta historias

áxil e seguro, economizado de maneira que o enxeño non se sobrepoña á linguaxe. Flúe coma unha conversa e, sen renunciar a ritmos cultos, sabe cuitar oportunamente as derivas cara á súa efusión.

A segunda parte, 'Cadernos da cidade pánico', continúa describindo os costumes dos mortos, o tronzamento social dunha comarca que podería ser ben outra xeografía desolada dentro ou fóra de nós: comida rápida, orballos de limón, amor barato, puntos de fuga no que todo se escribe con minúsculas, como quería Cummings. O poeta vaga polo érebo e sábese tan preso das agullas do seu mar interior como o vate da nostalgia o estivera das alturas do Pindo. Serxio Iglesias vive, xa o dixemos, na Costa da Morte: distinguimos moi ben da lírica turista o canto escuro que nos ofrece. Véndese cara, a inmersión; xa a banda sonora dos Métodos para afogar un cisne, moi intencionalmente, recoñécese da xeración perdida que aínda deambula en chándal nos portos e nas estacións de desenganche. Neste capítulo o autor dálle volume e segue pairando no resto da obra; a máis biográfica, 'A memoria espesa' (algún poema desta parte anticipárase na colaboración de Iglesias para o número 20 de Dorna), parece prolongarse no seguinte 'Bramidos nus' con acentos e cortes de epitafio. A historia persoal e a nacional, di-



nunca dispostas a consumirse fronte ao mar. "O solpor está dentro e a derrota vai dentro, un nordés/ envolto en plástico" que se anuncia na parte primeira do libro ('Santuario') a debuxar as pegadas do estilo Iglesias e o seu feixe referencial: o estilo, trazo seco a medio camiño entre a evocación e un expresionismo coas cores apagadas; as referencias, a migración e a fuxida, a distancia fronte á amargura, un pano de fondo no que a Costa de Morte se tingue de fin de camiño – pero sen aras solares.

Esa avenida cega do significado é un dos valores contemporáneos da obra. A decadencia dos Métodos, que podería escorregar cara ao malditismo beat, prefere a contención e segue pois a senda que deixou Lois Pereiro. Para nola contar o autor adoita acudir a materiais pobres, as madonnas de bisutería que alimentan o proletariado, a pesar de que Paul Klee e almafí poidan aparecer tamén (isto é, calquera preconcepto semántico está ausente da obra, que nin finxe inxenuidade nin redundancia en galería cultural). Naceu Iglesias dono dun rexistro naturalista que culmina moitas horas de traballo sobre o texto; un galego

gamamos a historia dos restos, fúndense nunha voz: repásanse derrotas e móstrase en cru unha crítica cos discursos esencialistas que asomará con frecuencia – e con ironía – por varios momentos do libro. Finalmente 'Maneiras de morrer' fai balance. Queda claro que o cisne que se nos ensina a afogar non é o saudoso estilo denunciado por Celso Emilio Ferreiro, que tamén, senón os diversos nomes da esperanza, de calquera navegación imposible e fixádevos en que o verbo desta obra se conxuga en presente rigoroso.

As últimas noticias que temos de Serxio Iglesias fálannos da súa presenza nas asembleas populares (desculpade o adxectivo) de Nunca Máis ao longo da rexión abatida polo piche. Polo que respecta ao poema sabemos que quedará exposto ao frío, como lles soe ocorrer aos mellores deste país, e que o autor non se conformará con esta primeira achega en formato impreso. Métodos para afogar un cisne foron boas novas: para os vellos compañeiros, a lectura da carta que por fin Serxio se decidía a enviar desde o seu lonxe; para a literatura, a confirmación do áspero poeta contracanónico que escapou das galas dos defuntos.

‘Diário Comboio’ é o título da novela de Raquel Miragaia, editada en Laiovento. Unha novela impresionante, bonita, rápida. Como un cadro feito por pinceladas veloces, relatos. Trátase dunha historia que nos atrapa, porque está construída pola imaxinación. É unha historia limpa, imaxinada. A realidade e a maxia mestúranse nunha vila real e galega, que é A Escravitude. Un espazo moi importante na obra, pois configura e decide todo o argumento.

Da imaxinación

Raquel Miragaia publica ‘Diário Comboio’

Lupe Gómez

Na Escravitude todo o que acontece é maravilloso, tranquilo e lento. É un lugar poboado por personaxes estraños, moitos deles enfermos, e todos solitarios. A soedade como un sentimento necesario. A soedade como unha serpe, vivida con valentía. ‘Diário Comboio’ é unha novela de fuxidas. Fuxir do paso do tempo, fuxir do pasado, fuxir da cidade. Fuxir da vida e fuxir da morte. E no intento de marcharse, están as palabras, e está o amor. As palabras son importantes, o feito de falar, de descubrir o mundo falando, de soportar as cousas nomeándooas. Pronunciando o silencio. Namorándose. Hai amores agochados, hai amores libres. O sentimento do amor é moi importante na novela, é o eixo que vai configurando todo.

É unha vila de seres inadaptados, que se buscan e se encontran, que observan a vida dende a súa peculiar atalaia. Con paixón e con calma. Atrapados pola rutina e pola saudade. Pero felices. Felices na infelicidade, se é que é posible. Sempre o realismo deixando paso á maxia. Abrindo ríos na alma. De feito, aparece na narración unha bruxa chamada Engracia, unha muller que é libre para vivir o sexo e o amor, unha muller sen leis, unha muller que resume a alegría e a tristeza. Habita na soedade, pero tamén na vida. Vive contenta o paso do tempo. Mira todo con ollos de estrañeza, como unha verdadeira bruxa. E cura ou non cura á xente. A xente, en xeral, non a odia.

A novela está chea de retratos psicolóxicos dos diversos personaxes que a poboan. Están pintadas as vivencias, pero sempre son vivencias moi cruzadas e moi condicionadas polos sentimentos, polos desexos. A narradora cóntanos todo con lirismo, con humor, con intelixencia. Con tristeza, coa alegría que hai sempre na tristeza, esa melancolía fermosa que enche o libro. Diário Comboio é un libro formalmente moi bonito, pola coidada edición, e porque inclúe magníficas fotos, de cuia autoría é responsable Luz Castro. Fotos que nos axudan a entender o libro. Fotos que nos moven a sentir e a soñar. Fotos suxerentes, con moito peso na obra. Aínda que semelle que non teñen moito que ver co que o libro vai contando. A súa calidade artística é moi grande, e o lector ou lectora agradéceas.

A min esta novela lembroume, agradablemente,





á autora Marguerite Duras. No estilo, nas atmosferas. Pois o libro está percorrido polo misterio, e os seres que por el deambulan son seres desgraciados. A linguaxe que Raquel Miragaia emprega é poética sen deixar de ser narrativa, é prosa sen deixar de ser todo moi lírico, como nas mellores historias de Duras. Hai escuridade, hai un sentimento profundo de implicación. A narradora involúcrase, e involucra o lector ou lectora.

Aparece tratado o tema das mulleres. Mulleres que soñan co amor e coa felicidade. Mulleres que escapan do amor, tamén, e escapan da cidade, e escapan da vida. Mulleres que buscan na vida o que ven na televisión e no cine, sen atopar nada, sendo todo moito máis feo e máis complicado. Mulleres enfrontadas ás imaxes de muller. Todas se miran tamén nos ollos da bruxa. Esa bruxa, icono libre, figura pasaxeira. Sempre nas vilas e aldeas galegas había —ou aínda hai— unha bruxa que cura os males do corpo e sobre todo os males da alma. De males da alma fala moito esta novela, e tamén de enfermidades corporais. Profúndase no tema da enfermidade. Hai moita tristeza, pero o tempo vai pasando dun xeito calmo na Escravitude, e os enfermos atopan revulsivos, atópanse uns aos outros, viven gallopoando na néboa, viven felices dalgún xeito. Teñen, todos eles, a tranquilidade procurada. A precisión das palabras.

Son moi bos os diálogos que hai nesta obra. Os personaxes falan uns cos outros, e van desafoagándose dun xeito calmo, libre. Libéranse falando. As palabras son as chaves que abren o paraíso do consolo.

Entre as diversas enfermidades que sofren os actores deste libro, chama a atención a enfermidade mental dun neno. Un neno enfermo que soña con ser un paxaro, que soña con voar. Un neno ao que os pais castigan por todo, como unha castración que non cesa. A bruxa non é capaz de curar ese neno. O feito de querer voar como os paxaros, e empeñarse niso, paréceme unha moi boa metáfora do que son e significan os males mentais. Eses males que escapan ao noso dominio e á nosa razón, como escapan os paxaros cando se botan a voar.

O libro, na súa xeneralidade, está narrado en terceira persoa. Raquel Miragaia revélase como unha narradora nova, forte. Que nos achega frescura, novidade, intelixencia. Que nos entretén e nos fai

soñar. A literatura é unha porta pechada que se abre á imaxinación. A narrativa galega actual, chea de sorpresas, chea de acertos expresivos. Moitas mulleres facendo novelas, saíndo da escuridade de ser muller.

Diário Comboio, podería ser un conxunto de retratos filosóficos, un paseo por diversos personaxes e realidades, unha forma de voar partindo da inmovilidade nun espazo. Podería ser unha metáfora do que somos todos nós. O que somos, cando nos pesa a memoria. As nosas fuxidas constantes, cara a adiante, e tamén cara a atrás. 'Diário Comboio' esperta os nosos sorrisos e resulta un libro elegante. Fai que o pracer de ler sexa moi grande.

A división en capítulos, partes, é como crear un quebracabezas, no que as cousas encaixan perfectamente. A novela é unha viaxe ao máis fondo de nós. Imos nese comboio que vai todos os días á Escravitude e repetimos sempre as mesmas frases, para sentirnos seguros, para ancorarnos na realidade, para soportar os sitios nos que vivimos. Para soportar tamén as nosas vidas. Imos no comboio da vida, e ás veces sentímonos atravesados pola morte, pero felices.

É importante encaixar a desgraza. Non renunciar a estar vivos. Atarnos a lugares que nos fagan imaxinar a liberdade, e vivir contentos as nosas rutinas. Como paxaros. Como enfermos mentais, que sucumben. Como títeres con ollos que desencadean moitos interrogantes, atopando respostas.

Diário Comboio é un lugar para a imaxinación. No comboio, no que nunca vai xente, chega á vila unha muller nova que vén da cidade, e aí comeza a novela. Unha moza que se chama Berta e que non é feliz. Con Berta iremos descubrindo as rosas, e o mundo da Escravitude. Espacio ideal, soñado, literario, pero que tamén existe na xeografía da realidade. Un lugar no que todo acontece como por encantamento, e no que a soidade dos individuos se volve menos inqueda, máis alegre. Un lugar cheo de néboa e de tranquilidade, ao que nunca chega ningún no comboio. Pero o comboio vai e vén, entre nubes e montañas, todos os días. Un día tras outro. No gozo da rutina. Lonxe da histeria das cidades grandes, lonxe de Madrid e de toda a parafernalia e todo o ruído. Lonxe das mentiras e da morte. Lonxe do pactado, lonxe do establecido. Vivendo na imaxinación, na néboa, nunha realidade que moitas veces parece surreal.

Vólvese sobre a rehabilitación de Manuel Puente, mecenas do galeguismo no exilio. Vólvese sobre unha figura, practicamente descoñecida, que cimenta unha das páxinas da crónica dos perseguidos pola represión franquista: “un verdadeiro republicano e galeguista”, en palabras da súa filla Rosa Puente, que mantén hoxe en Bos Aires a mesma casa, a do seu pai, que acollera o goberno galego no exilio.

Un galeguista republicano

Avenida Ribadavia 3760 (1204) Capital Federal. É a casa de Rosa Puente en Bos Aires: casa que foi sede do goberno galego no exilio e refuxio de mulleres e homes exiliados aberto en longas noites de pedra por Manuel Puente, o seu pai; auténtico mecenas do galeguismo na Galicia do alén. “Foi en todos os aspectos un patriota republicano e galeguista, un mecenas interesado na historia e a preservación da historia de Galicia”, destaca Rosa Puente quen –hoxe en Arxentina– pasou hai unha semana por Compostela para fortalecer economicamente a nova Fundación Manuel Puente: artesa que garda tesouros da memoria do país entre as cartas de ida e vida de Otero Pedrayo, Castelao, Ramón Piñeiro, García Sabell, Blanco Amor... ou as fotos, aínda por rescatar, da crónica do exilio.

De emigrante transformouse Manuel Puente (Salvaterra de Miño, Pontevedra, 1890- Bos Aires, 1970) en exiliado e, coma a todos, tamén caeu sobre el a lousa do esquecemento. Sen embargo non houbo nin un só acto de emoción patriótica no que non deixara de participar de xeito directo e eficaz: contribúe no 1940 á fundación do Consello de Galiza, da que sería presidente Castelao e secretario Alonso Ríos; é membro de honra dos Centros Provinciais Ourensán e Pontevedrés; funda a editorial Nós para imprimir ‘As cruces de pedra na Galiza’ de Castelao así como se fixo cargo do financiamento da ‘Historia de Galiza’ de Otero Pedrayo; consegue e apoia a idea

dos deputados galeguistas á reunión das Cortes republicanas no exilio, celebrada en México; organiza e preside, para conmemorar o centenario do banquete de Conxo, o primeiro Congreso galego na emigración (xullo, 1956) con asistencia de representantes de toda América, contribuíndo a edición do libro dedicado ó mesmo; patrocina a saída do xornal ‘Correo de Galicia’. “Ou impulsa os Xogos Florais no 1969, presididos polo académico e escritor Méndez Ferrín”, engade Rosa Puente, que desata na súa conversa todo un mapa emocional, contido e inmenso, no que abrolla un cabalgar de anécdotas. Como cando fala de Castelao: “Era unha figura que aglutinaba, con el conseguíuse unir o galeguismo e con el bateu en min un gran sentimento por Galicia” comenta esta muller que recorda o autor de ‘Sempre en Galiza’, cando chegaba á súa casa – “con humildade”, mantén – para ver o seu pai. “Eu era tímida e unha tarde colleume polo camiño, sentoume ó seu lado e díxome: “Cando coñezas Galiza vas amala sobre todas as cousas”. Coñeceu Rosa Puente a Castelao cando tiña un cuarto de vista e foi para ela a primeira morte que realmente sentiu: “Pensaron en fletar un avión para trasladalo a Estados Unidos mentres el, no leito de morte, interesábase pola vida cotiá de todos”. Castelao morría – “dunha pena que chegou a somatizar en enfermidade” ó entender de Rosa Puente – en Bos Aires, como o seu amigo Manuel Puente a quen Blanco Amor cominaba con ur-

xencia: “Don Manuel é hora de que volva a Galiza”. “Do grupo galeguista o máis politizado era o meu pai, sendo o que máis castigo tiivo” asegura doutra volta convencida como está de que “posiblemente a súa volta suporía a cadea”. Máis tarde, cando quixo facelo, a enfermidade evitouno. E relata: “Nunha carta que lle escribe a Otero Pedrayo conta como recibira dous tomos da ‘Historia de Galiza, acunábaos como se fosen os seus fillos, mentres dicía que xa podía morrer tranquilo”. Dúas veces víronse na vida Puente e Pedrayo pero bastaron para unha unión fraternal que desembocou na irmandade Otero-Puente-Castelao trala edición da ‘Historia de Galiza’ que asinaría o patriarca e mestre ourensán. “Pensáranse en nove tomos dos que se fixeron tres”, subliña a muller que viviu de cerca a xestación da publicación e que garda todo o epistolario, fotos e debuxos que Xaquín Lorenzo, ‘Xocas’ ideara para unha segunda entrega. Precisamente unha das iniciativas que a Fundación está disposta a levar a cabo é a de retomar a posta en marcha da editorial ‘Nós’ e así levar adiante unha edición facsímile daquel segundo título que fora integramente debuxado polo etnógrafo a quen se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas. Iniciativa que arranca sen perder de vista a denuncia: “Hai edicións piratas desas ‘Historia de Galiza’ de Pedrayo ou as ‘Cruces de pedra’ de Castelao”.

Na avenida Ribadavia hai hoxe unha casa, sede da Fundación, que se transformou en toda unha visión de vida. Cosmovisión dende

unha Galicia angular tralas horas dunha casa pola que pasaron dende Galvão, o capitán da Santa Liberdade, ata Arturo Cuadrado ou Sánchez Albornoz. Casa onde Manuel Puente –un “home avanzado no seu tempo que nunca quixo aparentar”, en palabras da súa filla– daba teito e traballo ós refuxiados da represión franquista. “Había fraternidade entre todos os galegos, a pesar das pequenas discrepancias”, relata quen recorda os inicios de seu pai que chegaría, de emigrante en Barcelona e América e xoieiro de vocación, a ser presidente da Cámara de Comercio Española en Bos Aires da que dimitiu cando a entidade apoiou o golpe fascista do 1936, fundando con outros compatriotas, a Cámara de comerciantes republicanos españois que “une os seus específicos fins mercantís e culturais entre os países español e arxentino, a patriótica tarefa de axudar mediante doazóns, recadacións... a todo o pobo español que soporta a cruel guerra civil”. Na avenida Ribadavia hai unha casa que se transformou en toda unha visión de vida. Vivencias abeiradas na defensa afervoadada da república, do federalismo, do galeguismo trala anguria, a soidade, o desexo de volver, o desterro forzooso, o anxeio dun retorno que, como con Manuel Puente, ficou incumplido. Un home bo e xeneroso de obrigada rehabilitación. Eis o cometido de Rosa Puente (na imaxe inferior nunha foto de Manuel Blanco) que quixo agradecerlle ó Goberno galego o apoio á Fundación. Hoxe, na avenida Ribadavia, segue aberta a casa de Manuel Puente...



Pablo Neruda nunha fotografía
de 1956 en Budapest

8 | **rcl**
Galicia Hoxe 25/03/04



Neruda, sombra do exilio galego

Poucos poetas das letras hispánicas teñen acadado a repercusión, a emoción, o éxito e a transcendencia de Pablo Neruda, do que agora se celebra o seu primeiro centenario con numerosas exposicións, conferencias, montaxes teatrais e lecturas, boa proba da riqueza dunha obra rica e dúctil, comprometida e intensa. Unha obra cosmopolita na que Galicia estivo presente, tanto nas referencias literarias como nas vertentes vitais dun home apaixonado polas viaxes e de estreitos vínculos cos exiliados galegos da guerra civil.

"Regiones sumergidas / en el interminable martirio, por el inacabable / silencios, pulsos, / de abeja y roca exterminada / tierra que en vez de trigo y trébol / traéis señal de sangre seca y crimen: / caudalosa Galicia, pura como la lluvia, salada para siempre por las lágrimas", escribiu o poeta chileno en 1937 en 'Tierras ofendidas', en referencia a unha Galicia que el coñecería de primeira man na Arxentina da man de Luís Seoane, nas tertulias que o polifacético creador galego celebraba no seu exilio no café Tortoni da avenida Maio de Bos Aires, onde compartiu mesa con Rafael Dieste, Lorenzo Varela ou Rafael Alberti. É a época, tamén, recupera a relación cunha muller de personalidade arrebatadora, Maruja Mallo, que fora a súa anfitriona en Madrid e que, logo, nas memorias do poeta, aparecerá retratada con profundo cariño. Desá relación, quedarán para a historia as fascinantes fotografías que os dous creadores quitaron na Illa de Pascua.

O seu apoio ós exiliados comezou mesmo co golpe de estado do xeneral Franco, xa que foi o propio Neruda o que lle facilitou a Arturo Cuadrado o pasaporte chileno co que Arturo Cuadrado –un dos poucos sobreviventes dos galeguistas directamente implicados na tramitación do

Estatuto de autonomía de Galicia de 1936– puido pasar a Francia.

É que o compromiso político de Pablo Neruda coa esquerda foi un dos estantares da súa vida. O símbolo dese compromiso, de feito, serviu de forza aglutinadora para a resistencia dos chilenos durante a ditadura do xeneral Pinochet. De feito, en 1973, cando Neruda faleceu, miles de chilenos perderon o medo e fixeron do seu funeral a primeira manifestación contra a ditadura instaurada, só 14 días antes. Aquel 25 de setembro de 1973 o poeta, que antes da súa morte por causa dun cancro estaba atafegado polo golpe que acabou co goberno de Salvador Allende, foi o catalizador dunha espontánea mostra de valor e amor á liberdade. Unha semente "que nunca máis se extinguíu", subliña Aída Figueroa, unha gran amiga do poeta e hoxe directora da Fundación Neruda, que estivo presente nestas exequias.

A morte de Neruda (1904-1973) foi dolorosa física e espiritualmente. O gañador do Premio Nobel en 1971 agravouse tralo golpe, pero, mesmo afectado pola febre, dictou a Matilde Urrutia, a súa compañeira, o último capítulo das súas memorias na súa casa de Illa Negra. Cando o médico recomendou hospitalizalo en Santiago debido á súa gravidade, a casa foi achandada por soldados que buscaban armas. "A miña única arma é a poesía", increpounos Neruda. Na clínica –durante a viaxe na ambulancia foi rexistrado dous veces– Neruda pasou a súa agonía mentres se oían zumbidos de helicópteros, disparos e estoupidos afastadas. "Estános a matar, estános a matar a todos", foron as súas últimas palabras antes de expirar, ás 22.30 horas do 23 de setembro.

Uns poucos amigos velaron o cadáver, que permaneceu toda a noite nun corredor, ata que foi trasladado a La Chasco-

na, a súa casa santiaguina, que acharon arrasada. As portas e ventás estaban rotas, os cadros, as alfombras, os colchóns e as cadeiras de brazos resgados a baioneta, os libros queimados. Con mobles e outros obxectos fixeron un dique nunha canle que pasaba por detrás da casa, que ó desbordarse a alagou. Así o lembra Hernán Loyola, unha das testemuñas: "Matilde (Urrutia) non quixo que a casa se limpase, foi un velorio no maior desamparo, nunha casa destruída, cos vidros rotos, facía moito frío".

Matilde Urrutia tamén rexeitou o pérame que quixeron presentarlle uns oficiais enviados pola Xunta Militar, ós que lles reproboou a barbarie cometida. A pesar de todo, houbo visitantes, mesmo algúns perseguidos pola ditadura e unha garda de honra de mozos comunistas. O día 25, poucos –non máis de 50 segundo Hernán Loyola– iniciaron unha fantasmagórica procesión para o cemiterio, mentres un camión con militares vixiaba na esquina e policías en motocicletas ruidosas rozaban o séquito. Cando o cortexo pasaba fronte a uns tanques apostados á entrada do cemiterio, xa non había medo e os berros incluían a Salvador Allende. Nese momento, unha voz anónima, de muller, declamou, "...e unha mañá todo estaba a arder" "...E unha mañá as fogueiras saían da terra devorando seres", respondeu outra voz. "E desde entón lume, pólvora, desde entón / e desde entón sangue", diu unha terceira. Así, os versos de "España no corazón" se debullaron ante os militares estupefactos. Moitos entraron no cemiterio co puño en alto e para os que estiveron aí foi, en verdade, a primeira protesta contra a ditadura militar e a encarnación das palabras de Neruda: "Non crean que vou morrerme... sucede que vou vivirme".

Lois Sandoval